



O FARELO

Nº24

Decembro de 2018

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Ponte...nas ondas! celebra o Día Internacional do Patrimonio



Páxina XII

FestAlegre, 10 espectáculos en 6 escenarios de Compostela



Páxina XIX

Lembranza de Rodolfo Prada nos Peares



Páxinas XXII

Riós e A Gudiña demandan rehabilitación de vivendas



Páxina XXVII

O director da Banda de Sober debutou coa Sinfónica de Barcelona



Páxinas XVIII

Sabores de Ourense, 5.000 pinchos de castaña e cogomelos



Páxina XXXI



Seis meses gastronómicos en Ponte de Lima

Páxina 20

Entrevista



Emma Pedreira, escritora

“Estamos vivindo unha revolución feminista porque vivimos unha involución machista”

Páxina IV

 inmobiliaria
laguardia

San Roque nº 18 - A Guarda
www.riveirasa.com 986 611 452



Promocion
S. Miguel

EN O ROSAL

Promocion
Couselo



Tempos de Nadal, tempos de Reis

Por Anxo Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil

En «Tempos de Nadal», escribiamos na Peneira (decembro de 1999) que o Nadal chega no momento de caducidade do ano e tamén da esperanza no renacer, un ciclo ou superposición por enriba de ritos ancestrais do solsticio de inverno que se perden na noite dos tempos. Xunto con estes ritos atávicos, na memoria das nosas xentes queda todo un conxunto de manifestacións que expresan a sensibilidade e sinxeleza do pobo, ás que se refería hai xa un tempo Baldomero Iglesias en Raigame, ao falar dos vilancicos ou panxoliñas. Nesta celebración ou liturxia colectiva, en «Tempos de Reis» Xosé L. Rivas Cruz lembrábanos a bucólica paisaxe, a lareira, o fume, o cheiro a corte e animais. As bágoas corren polas meixelas dunha velliña mentres chegan os Reis, con acompañamento de gaita e percusión, cambios de tonalidade, de ritmos, de tempo. Vivimos esa emocionante experiencia en máis dunha ocasión. Saímos do letargo invernal e comeza un novo ciclo solar.

Aínda que imos centrar esta colaboración nas terras do Condado, os tempos de Reis (ou de «reises» como é frecuente escoitar) son comúns en toda a xeografía galega. Nas nosas indagacións sobre a presenza da Institución Libre de Ensinanza na Galiza, chamounos particularmente a atención unha carta de Carmen López-Cortón, a tía de Joan Vicente Viqueira, a Francisco Giner de los Ríos, dende o modesto pazo familiar de San Fiz de Vixoi (en Bergondo, A Coruña), coñecido tamén por «la quinta de San Victorio» ou «la quinta de las letras»; naquela misiva do 24 de decembro de 1891 a institucionista galega escribe: «Queridos de mi alma! Os escribo ya oyendo a todos los rapaces de la aldea que están debajo de esta ventana cantando los Reises (...) Vicente está arreglando a toda prisa el Belén». Inda que os seguidores da ILE son criticados a miúdo de «elitismo cultural», hai no conxunto desta corrente unha fonda preocupación polo popular, un campo aínda por explorar no conxunto dos institucionistas. Carmen López-Cortón e Viqueira, casada con Manuel B. Cossío, era a nai de Natalia Cossío

López, que casaría con Alberto Jiménez Fraud, o director da célebre Residencia de Estudiantes de Madrid.

No 2017 publicou Rafael Carracedo Crespo A requinta da Ulla. Obradoiro Riobó, un documentado estudo cun importante labor de recolleita, coa transcripción de 85 pezas musicais para requinta nas terras da Ulla, no que tivemos a oportunidade de colaborar. Sinalabamos no Limiar que, o enriquecemento desta experiencia pode ofrecerlle ao autor posibilidades de abordar outros traballos de base documental e de estudo de campo polas terras do Condado, pola procedencia do apelido Carracedo. Aínda que se levan feito aproximacións parciais, non se nos oculta a urxente necesidade de recolleita das danzas de Reis do Nadal, de músicas e letras, de paso ao pentagrama, se non queremos que se perdan irremisibelmente. Entre outras, aí están, esperando un traballo de conxunto que analice as semellanzas e diferenzas das danzas de Fozara e as de Guláns en Ponteareas, ou as de Ríofrío, no concello de Mondariz. Máis arriba, xa nas antigas terras da bisbarra de Montes, as de Cotobade, Anceu, Pontecaldelas e Forzáns. Nas Neves, as danzas de Tortoreos e Taboexa, estas xa mencionadas por Casto Sampedro Folgar, o musicólogo e historiador redondelán que en 1884 colaborou na creación da Sociedad del Folklore Gallego, grazas á que iniciou o seu traballo no medio para a realización do Cancioneiro Musical de Galicia.

Danzas moitas delas correspondentes aos ciclos agrarios, de procedencia celta ou precelta, como a «danza de espadas», de raíz guerreira, con reminiscencias nas executadas polos lusitanos sobre a tumba de Viriato, ao igual que a muiñeira a cabalo arredor do caudillo morto despois da trágica e traizoeira morte, tal como nos comentou no seu día Filgueira Valverde. Dende o Museo do Povo Galego, Antón Fraguas evocaba en vida estas danzas de Nadal, a «danza de arquillos», a «danza de palillos», a «danza de castañolas», a «danza de cintas ou de cubrir o pao».

Dos nosos devanceiros, dende Guláns, un personaxe fundamental na historia dos Ranchos de Reis foi o señor Manoel

de Evaristo, e o gaiteiro de Sendín no conxunto da familia Porto da Santabaia, do que se conserva unha agarimosa fotografía de principios do s XX no conxunto da exposición do Castelo do Sobroso. Dende Salceda, no labor de confección dos gorros con plumas e espellos destacou o señor Xosé do Palleiro, da Picoña, que se afanaba igualmente na habelencia para adornar as andas da Virxe da O, que co-presidiu sempre con San Cibrán as festas na hermita, na celebración do santo meigo no alto do monte.

Ademais dos grandes na arte das danzas en Guláns (Pepe Caseira, Secundino Carrera, os da Groba...), para a historia quedan os gaiteiros acompañantes. Xunto co citado Sendín, os Almuíñas, os de Salvador e outros improvisados ad hoc, cousa non difícil nunha parroquia como Guláns, que é sinónimo de música. Hai pouco díxonos adeus Alfredo Fragueiro Souto, gaiteiro con moita tradición nas terras do Condado, distinguido polo propio Concello de Ponteareas.

Destacado foi tamén o papel da muller, facendo parella de baile co home, ou formando - coma eles- equipo elas soas, acompañando igualmente nos cantos de Reis e preocupándose polas vestimentas. Nieves Barrera Groba e Marisol González Groba, moi boas danzantes, teñen recollido coa colaboración da parroquia material notable para a historia. Importante para as novas xeracións todo este legado histórico.

Cantos feitos a miúdo na igrexa, arredor da gaita, que marcaba e daba o son; pola súa tesitura e pola súa solemnidade, mellor se se trata dunha gaita tumbal, preta ao si bemol no dicir de López-Acuña na Gran Enciclopedia Gallega. As dificultades de acompañamento salvábanse (ou sálvanse) con efectos de glisandos e segredos de tranquilas, nas que se pon a proba o éxito dos iniciados na arte da gaita. Cantos particularmente melancólicos coma aquel que fala do «Verbo Encar-



Tradición. Finais dos anos 50.



Anos 70.



Modernidade. Século XXI.

nado», aqueloutro que recitou para nós hai moito tempo a señora Florinda do Outeiro do Foxo, «Qué señora es aquella/ que por la sierra venía», un da zona de Ganade, con ritmo a modo de marcha «Caminando va José/ caminando va María», ou «Llora un Niño». Deste último, deunos a letra completa Segundo Vidal Rey, en 1986.

A danza de «diante do Santo», na Festa do Patrón San Xulián de Guláns, o 7 de xaneiro, coa disposición dos arcos de humildes vimbios mansos adornados de tres ou catro cores (vermello, azul, amarelo, verde), a modo de bóveda, as reverencias e tempo de vals, seguindo sempre respectuosamente para atrás para non dar as costas ao Santo, nun impresionante silencio das xentes na procesión, paga a pena contemplala e disfrutala.

Son estas as nosas músicas e as nosas danzas, que engalanan o Nadal cos adornos do pasado, de tempos sinxelos e tenros que volven todos os anos con agarimo e dozura.

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Raíz e tempo

Cando acudo a miña casa familiar en Mourigade sempre descubro que aquelas profundas raiceiras espertan en min lembranzas vellas, que sempre tiveron unha influencia decisiva na formación do meu pensamento. A paisaxe que a arrodea atesoura historias individuais e colectivas. As súas terras teñen tantos nomes como ferrados ten o territorio. Non hai un baldío que non teña cadansúa denominación propia. A maxestosa xeografía pola que corre ao seu pé o río Gallo, formado polas confluencias dos regos de Sequeiros e Corbáns que baixan do monte Xesteiros, coroado pola mítica pedra da Águia dende onde o señor Pardal quixo facer voar a súa cadela con ás de palla intentando demostrar que era posible voar, puxeron a proba os seus rudimentarios coñecementos, que tamén foi lugar de refuxio dos fuxidos da parroquia o día da sublevación militar franquista ao fronte do cal se puxera Manuel Coto Chan, que deixou escritas nunha libreta as súas vicisitudes tituladas "Memorias dun proscrito".

Mourigade provén dun nome medieval, Maurecatus ou Mauregat. Houbo un rei con ese nome no século VIII. Este lugar esta na parroquia de Couselo que, alguén con bo criterio, data as súas orixes en 1064 cando o abade Ansilano mandou construír o cenobio de San Miguel de Couselo na ladeira do monte a onde acudín tantas veces coa miña tía Avelina na procura de herba da braña de mosteiro, que recibía ese nome por formar parte do mosteiro.

Dende a nosa casa familiar temos na fronte un inmenso val que ten no horizonte inmediato a parroquia de Arcos de Furcos, da que nalgún tempo todas as familias das casas da parroquia tiñan un fillo crego. Un dos que coñecín, ademais déuse a circunstancia de ser veciño no edificio onde vivo en Vigo, foi Alfonso Magariños, falecido non hai moitos anos aínda, que sobranceu polas súas monografías sociolóxicas. Mais sendo iso unha anécdota que conta moito para entender o poder da Igrexa, Héitor Picallo, un mozo estudoso da historia local, despois de facer rastrexo

nos libros parroquiais, afirma que o meu avó paterno era sobriño neto de Diego Antonio Zernadas y Castro, o "Cura de Fruime" (1702-1777), un precursor do galeguismo. Nas conversas familiares nunca se falara diso, quizais por relativizar a evidente omnipresencia do clero e descoñecer o importante papel desempeñado por tal crego no Rexurdimento.

Daquela, o meu avó parterno, Manuel González Cernadas, mestre canteiro, que anos despois marchou para a Axentina deixando a miña avoa Dorinda formando parte da confraría das "viúvas de vivos", tivo de aprendices a Xoán Xesús González, o fundador da Unión Socialista Galega e fundador dos "Terzos de Calo", paseado polos sublevados, e a Enrique Liste, nados, respectivamente, en Sebil, parroquia de Cequeril, e Piso, da parroquia de Arcos de Furcos, co que aprenderon o oficio dos arxinas. cómpre aclarar aquí este dato biográfico; non naceu en Teo, naceu en Piso, extremo que el me confirmou cando o sorprendín facéndolle esta reveladora afirmación. Foron tamén compañeiros dun meu tío, Jesús González, que pasado o tempo foi mestre nar artes, construtor de moitas obras, entre elas a ermida do monte de A Guía de

Vigo, deseñadas por don Manuel Gómez Román, o arquitecto galeguista "soñador das mil Compostelas" en acaída expresión de Ramón Otero Pedrayo, a quen eu coñecín e tratei sendo neno por ser amigo da nosa casa e veciño meu en Teis.

Quen non ten pasado non ten esperanzas. Os soños reverdecen o pasado e das dúas experiencias valémonos para encarmos o futuro. Velaí porque cómpre converter os soños en realidades. Realidades que hoxe materialízanse en proxectos e compromisos regaleguizadores en todos os ámbitos da vida social, cultural e económica. Eís o sentido da transversalidade que úne o pasado co futuro co quefacer cotiá. Imaxinar o futuro é o que fixo Xosé Manuel Pérez Canal de Aceites Abril, chegando a acordos coas miñas curmáns de Mourigade para plantaren oliveiras.

A miña casa de Mourigade, e o que ela representa, dáme pulos para traballar por unha Galicia máis galeguizada. Velaí para forza telúrica da Terra. O futuro depende do entusiasmo que poñamos cada un de nós.



Por Manuel Estévez

Si Don Ramón volvera.....

A cabo de ler unha obra literaria póstuma do escritor de Vilanova de Arousa "O trono dourado" en cuia portada aparece unha ilustración do inesquecible creador Diego Lara, que tamen fora o autor da imaxe orixinal de Arco e un verdadeiro factótum da revista Buades.

Ao escritor de "Luces de Bohemia" foron centos de artistas aquí e dacolá que o retrataron, falamos de Zuloaga, Picasso, Eduardo Arroyo ou mesmo os máis próximos coñecedores da súa obra, o cambades Lino Silva ou aquel outro pontevedrés, residente en Vilagarcía de Arousa, durante os últimos anos, memorábel Conde Corbal, que decía "es Valle quien me había de guiar la mano", autor entre outras dunha serie completa de tintas que o viaxeiro realizou sobre temas valleinclanistas, unhas e outras recollidas en moitísimos libros, catálogos e cadros.

En meses recentes chegou as mans do que esto escribe, un folleto da Casa do Cuadrante, onde supostamente naceu

Don Ramón del Valle-Inclán, en cuio díptico aparece un debuxo firmado por Orive, unha burgalesa que comezou a pintar e a expoñer en diversas salas na provincia de Pontevedra e Norte de Portugal, a realización dalgún que outro cartel nos principios da década dos anos 2000 e a integrarse en colectivas con creadores galegos.

Fora despois de ter un acercamento a plástica a traves de un inolvidable pintor de Pontevedra, mais neste caso representante e musa a xulgar por varias exposicións organizadas na provincia onde ela naceu, Medina de Pomar e Burgos capital, mesmo cadros adicados que lle agallallara en vida naquela altura.

Logo despois da catástrofe do Prestige cruzou o Miño ata chegar o Porto, cidade na que foi agasallada co primeiro block de debuxo e ceras de cores para comezar a pintar, mi lonxe daqueles

outros trazos que realizara con tizas no encerado da Escola de Cogollos.

Na Rua Santa Catarina plasmou os primeiros deseños, no Mercado do Bolhao, Cafe Majestic e nunha tasca da Ribeira perto do mural a Ribeira Negra de Julio Resende, inolvidable artista que tamén chegou a retratar noutra viaxe a Valbom, antes de integrarse no colectivo "A Cañada do Arte" da que sempre foi presidente e en cuia Asociación surxiu "Artespantallo", realizado en terras de O Covelo, proxecto recollido nos xornais e outros



medios de comunicación de Galicia.

En Vilanova de Arousa xa ten ameazado os paxaros a que se preparen porque vai inundar os eidos con as figuras de palla entre outras moitas ideas na testa, mais vese que non arrancou por falta do motor que o levou a

cabo nas terras do Paradanta.

Agasallou o Museu Valle-Inclán de Vilanova cun retrato do autor de "Luces de bohemia", calando na Alcaldía, non dubidando a Corporación Municipal en elixilo para reclamo, aquí e acolá da Casa do Cuadrante.

Mais a realidade e que existen innumerables retratos e debuxos de Valle Inclán, recollidos en moitísimos libros, catálogos, cadros como os de Diego Lara que terían moita mais repercusión, aquí e alen mar que o realizado pola oportunista castellana. Xa o decía un alcalde socialista predecesor dela no seu Concello natal de Cogollos "ten afán de protagonismo".

Hai que sumar en Vilanova de Arousa que a acolleu e no mesmo Pazo solariego do que fora director da Academia de Belas Artes en Roma, don Ramón José Simón Valle-Inclán Peña, unha individual baixo o slogan de "Fondos mariños", na que reflexa augas limpas e transparentes nas teas, cando nos tempos que corren o lixo e plásticos acumúlanse nos fondos dos océanos, constituindo un atroz problema de contaminación que nos caeu enriba.

Entrevista

Emma Pedreira, escritora gañadora do Premio Xerais de Novela 2018

“Estamos vivindo unha revolución feminista porque vivimos unha involución machista”

Emma Pedreira Lombardía gañou o Premio Xerais de novela, por *Besta do seu sangue*, unha revisión desde o punto de vista de xénero sobre o mito de Blanco Romasanta, o lobishome de Allariz Falamos brevemente con ela para que nos conte sobre este traballo e a, aínda, moi presente visión patriarcal dentro da literatura en galego.

-A novela coa que gañaches o Xerais de Narrativa é “Besta do seu sangue”, unha historia que ten como protagonista a Romasanta, o lobishome, pero falo sobre unha “visión de xénero”. Que elementos viches neste personaxe e logo para escribir sobre el desde esa perspectiva?

Baseóme nun estudo antropolóxico de Xosé Ramón Mariño Ferro, que nunha publicación que se chama “Manuela Romasanta ou o lobishome de Allariz”, propón segundo uns estudos Romasanta nos seus primeiros anos era unha nena. A partir deses estudos, desas probas que mostraban estes datos e ese xénero diferente, decidín ficcionar sobre esa primeira etapa da vida deste personaxe. A partir dos quince anos, cando xa é un home, cando xa actúa como un home adulto, seguir dándolle esa perspectiva de xénero. Así que revisei o mito desde ese punto de vista.

-Desde o teu parecer sería necesaria unha revisión de xénero na literatura e cal sería o obxectivo?

Sempre é preciso revisitar os espazos para axeitalos ao momento, e agora mesmo estamos vivindo unha revolución feminista debido a unha involución machista, isto en todos os eidos da vida, in-

cluído o literario e o sistema literario galego. Como muller inscrita dentro do sistema literario galego, non me sinto en igualdade co resto dos meus compañeiros. Eles teñen un acceso e unha visibilización moi diferente. Entón, a nivel militancia, a nivel pertenza a un sistema literario é preciso poñer en cuestión o patriarcado dentro da literatura como sistema. Despois dentro do sistema, ver que as mulleres e sobre todo as rapazas, sobre todo na literatura infantil e xuvenil. Case todos os protagonistas dos libros infantís e xuvenís son homes ou nenos, entón medran con esa falta de referentes. Entón si que hai que revisitar o canon heteropatriarcal e as novas sexualidades e as novas masculinidades estean representadas e facer un exercicio de reflexión e de reescrita e revolución. Todo está contado, pero hai outros puntos de vista desde que contar as cousas e hai que empezar a mover para superar esa visión patriarcal.

-Está consolidada a superación da visión patriarcal dentro da literatura en galego?

Non está porque estamos sempre tratando de salvar eses obstáculos. Seguimos sendo o punto testemuñal, seguimos sendo unha entre homes. Normalmente en re-



citais, congresos etc. segue consolidado o patriarcado. Que estamos dando pasos e haxa máis presenza? Si, estanse dando pasos pero aínda queda. Na poesía parece estar superado, parece, hai máis poetas mulleres, hai máis poesía de muller, etc., pero en narrativa eu son a novena gañadora dese certame en tinta e cinco anos. Hai unha descompensación grande, se visitamos as nóminas das grandes editoras, o 75% son autores e o 25% son autoras. As editoriais son dirixidas por editores, homes, as mulleres están noutros labores. Agora hai máis ilustradoras gráficas que se visibilizan nas capas, mais todos os espazos do libro parecen copados por ho-

mes, para min non se está asumindo a igualdade. Estanse dando pasos, mais aínda estamos nesa fase de toma de conciencia.

-Sentese a sororidade con outras autoras nese querer romper o feito patriarcal dentro da literatura?

Si que o noto, como autora e integrante da SEGA, plataforma de crítica literaria feminista. Queremos facer unha rede, un tecido porque hai moitas autoras que se sentiron invisibilizadas. Cando fun recoller o premio do certame, falei desas nove sen dar nomes, dúas delas si que se achegaron e dixeron “que ben que teñas feito contar cos dedos que só hai nove”. Aínda se senten invisibiliza-

das autoras que levan traballando desde hai vinte ou trinta anos.

-Por que tanto peso patriarcal na literatura galega?

Uf, iso que o contesten os señores. Lembro a idea do “paraugas totalizador” do que falaba Elena González. Todo está feito para invisibilizar as mulleres en tempos remotos, pero por costume seguiu sendo así.

-Estás preparando algunha novela ou traballo para saír proximamente?

Sairá un poemario novo que gañou o Fiz Vergara Vilariño, “As voces ágrafas”. Fago o prólogo a unha edición dos contos de Angela Carter e verá a luz un libro de relatos un tanto sinistros.



DECEMBRO

Inscripcións do 5 ao 17 de decembro no Concello, para cursos e campamentos

CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN

Días: 24, 26, 27, 28 e 31 de decembro e 2, 3, e 4 de xaneiro

Horario: 9:00h a 14:00h

Idades: 3 a 12 anos

Prezo por neno/a: 15€. Prazas limitadas (desconto a familias numerosas)

OBRADOIROS ADULTOS

Martes 18 e Xoves 20

Adornos de Nadal

Horario: 10:00h a 12:00h

Lugar: Casa Cultura de Salvaterra

Mércores 19

Coroas de Nadal

Horario: 10h a 12h

Lugar: Casa Cultura de Salvaterra

EVENTOS

Venres 14

Festival de Nadal de A.C. Pontenova

Horario: 20.00h

Lugar: Salón Casa Cultura de Salvaterra

Venres 21

Concerto de Nadal do Coro "Lacedurium"

Horario: 20.30h

Lugar: Salón Casa Cultura de Salvaterra

Sábado 22

Concerto de Nadal da Banda de Música

de Salvaterra de Miño

Horario: 21.00h

Lugar: Salón Casa Cultura de Salvaterra

Domingo 23

Concerto de Nadal da Parroquia de

San Lorenzo

Horario: 18.30h

Lugar: Salón Casa Cultura de Salvaterra

PAPANOELADA en moto de Monçao a Salvaterra

Chegarán ó recinto amurallado ás 18:00horas.

Colaboran: MOTARD "Os Feras" e Motoclube Curvas da Trincheira

Luns 24

Visita de Papá Noel a Salvaterra

Ás 16:00 horas, chegará en barco polo Río Miño ao embarcadoiro e fará un percorrido polas rúas da Vila no tren "chu - chu". Todos aqueles que queiran poderán acompañalo.

Ás 17:00 horas, Papá Noel estará na Praza do Concello, onde recibirá aos máis cativos.

Durante todo o día 24 viaxe gratuíto no tren "chu - chu" polas rúas de Salvaterra de 10h a 14h e de 16h a 20h. Paradas: Parque A Canuda - Praza do Concello.



Mércores 26.

Cine en Nadal: Ferdinand

Horario: 17.30h

Lugar: Salón Casa Cultura de Salvaterra

Venres 28.

A Bailar no Nadal

Horario: 16.30h

Lugar: Praza do Concello. En caso de choiva será no Salón da Casa Cultura de Salvaterra.

• **Actuación de Coliño Bailongo**

Horario: 18.00h

Lugar: Praza do Concello. En caso de choiva será no Salón da Casa Cultura de Salvaterra.

• **Ciclo Concertos. Música individual de cámara con acompañamento ao piano.**

Horario: 21.00h

Lugar: Salón de Plenos do Concello

Sábado 29.

• **Torneo solidario de Fútbol Sala** no Pavillón Cándido Carrera

Inscripcións ou información 600 21 84 85 / 663 36 71 94

• **San Silvestre Solidaria - Monçao - Salvaterra.** 20:00h e

Mini S.Silvestre ás 19:30h. Dúas voltas á Praza de Deu - la - Deu

(Monçao). Saída Monçao, chegada a Salvaterra. Incricións no

<https://goo.gl/XLmFRh>

Domingo 30

• **Torneo Solidario de Fútbol Sala** no Pavillón Cándido Carrera

• **Concerto Fin de Ano do Coro "Cantemos"**

Horario: 19.30h

Lugar: Salón Casa Cultura de Salvaterra

XANEIRO

Mércores 2.

Cine en Nadal: Jumanji

Horario: 17.30h

Lugar: Salón Casa Cultura de Salvaterra

Venres 4. **Ciclo Concertos.**

Música individual de cámara con acompañamento ao piano.

Horario: 21.00h

Lugar: Salón de Plenos do Concello

Sábado 5.

CABALGATA DE REIS

A partires das 16:00h na Praza do Concello estarán as súas Maxostades. Chegarán a Salvaterra dende a Ponte Internacional e recibirán aos máis cativos na Praza do Concello.



Galicia

Por Avelino Jácome

O segredo do Castro de Doade

No auditorio da Casa do Patrón en Codeseda, Doade, Lalín, presentouse o libro "O segredo do Castro de Doade", "Ramallos mollados na Costiña, os fentos verdean de verdes coas pompiñas do orballo da mañan, chove e o Asneiro mata a sede do veran. No Pozo Negro o Xacio sospira por amores e no Pozo Blanco, Aldara volve como unha aparecida nas tardiñas do inverno entre lusco e fusco semella unha deusa da noite prometida, buscando un amado que devorar. A auga acariña o penedo da Insua de Blanco antes cabalo brioso agora eterna testemuña do amor que mataron.

No Penedo, as augas baixan cheas de follas dos carballos e de ourizos vellos dos soutos de Doade, a cobra escondese no burato que so ela coñece, gardando a rosa que nunca se seca. Volven as augas abondosas a Fonte da Costa. As doce en punto se tes sorte veras bailando nas augas, espida a moura que se esconde no Castro de Doade; non te achegues moito ou levárate para o seu haren, onde máis de mil homes trocaron a súa vida por a fermosura de Contemplación."

O segredo do Castro esconde moitos segredos que Manuel Blanco o seu autor nos quere revelar, segredos dos nosos ancestros traídos de milleiros de anos atrás, unha viaxe no tempo, escrita con unha prosa sinxela con pinceladas sublimes e máxicas. Un libro para todos, pequenos e grandes de aquí e de acolá, por unha banda poñendo en valor o patrimonio de todos os galegos difundindo a milagre de Codeseda e da Casa do Patrón que pasou de ser a aldea máis afastada e esquencida do Deza a recibir cada ano milleiros de visitantes que poden disfrutar dunha aldea restaurada e con-

servada dun xeito único e respectuoso co medio e coas máis fondas tradicións, e por outra a difusión dos traballos realizados no Castro de Doade que despóis de cinco escavacións realizadas, pode presumir de ser xa un dos castros



máis divulgados de Galicia.

Esta obra ben a sumarse a outras que xa foron editadas e que recollían os avances nas distintas etapas de estudos arqueolóxicos xa desenvolvidos, tanto o libro "A Casa do Patrón" como a "Guía Turística do Castro de Doade" para aportar datos moi importantes da presenza dos primeiros poboadores e o coñecemento das súas costumes, os seus rituais funerarios, relixiosos en resumo o seu xeito de vida.

Sen dúbida algunha o seu valor científico e de divulgación e marabilloso, mais non quero deixar pasar por alto a súa parte máxica, os druidas, as lendas, un corolario de imaxes que nos mergullan nunha aventura que me fai lembrar os contos das nosas avoas o pé da lareira nas longas noites de inverno.

Ninguen se chame a engano e pense que vai resultar difícil a súa lectura mais ben atopará un mundo novo cheo de fermosura e sabiduría, un libro para leer con paixón porque con

paixón foi escrito, unha delicatesen para saborear no padal e no nadal, como un bon viño ou un bon cocido de Lalin.

Non sería xusto nesta pequena crítica non facer mención das súas coidadas fotografías, que acompañan os textos dandolle sazón a este prato do que vos veño falando e por se fora pouco atopades ilustrans das máis cativas Sara e María que non deixaran de sorprendervos tanto por a súa beleza como por a inocencia desa mirada que esvara docemente por o mundo máxico que nos legaron os nosos devanceiros e que en todo o mundo se recoñece como unha característica da alma galega.

Editado por A Formiga Rabicha conta ademais con varias ilustracions creadas por o recoñecido pintor Miguel Ángel Martínez Coello que ademais de director da editorial, realizou para este libro, de gran beleza artística, cargadas de emotividade que a man do mestre traslada o papel de un xeito único e xenial.

Non deixarei de destacar a fermosa

lenda da poetisa Pasionaria Quintas "A lenda do bico da Cobra" que en si mesma e unha xoia e que so por eso xa xustificaria sobradamente o mercar o libro, un universo de poesía recollida en poucas liñas, so ela pode facer tanto lirismo de unha soa vez. Tamen a xenerosidade do autor fixo que se incluíra "O Romance de Aldara e Galael" obra de este pequeniño escribideiro. Direi tamen que o "Segredo" leva a marca de Avelino Jácome Dobarro no diseño e na maquetación e que as portadas foron obra de Miguel Blanes os dous creadores de Orixe Comunicación que souberon darlle esa calidez que se palpa con so coller o libro na man.

Por a tanto os meus parabens o autor, o editor, e as entidades que colaboraron, os veciños e veciñas de Codeseda que son un exemplo para nos e para as xeracións vindeiras e para a gran familia que conforman A Casa do Patrón e os que temos que estar agraecidos todos os galegos por conservar con tanto esmero o patrimonio de todos, moitas grazas por todo.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo – Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Por Rafael José Adalid Rodríguez

Un achegamento ás pedras no territorio galego

Dende o tempo da Prehistoria a pedra tivo un uso importante, con elas elaboraron ferramentas empregadas para o corte de carne ou peles, caza con frechas e lanzas, obtención do lume co que ter que iluminar e quentar, etc.

De forma breve, podemos dicir que o seu uso non só era con fin alimentario, moradora dende covas ata castros ou funerario cos dolmens. Servían tamén como elemento de comunicación entre os prehistóricos, ben fose de forma gravada ou pintada con arxila, carbón, feces ou outros.

Nelas proxéctanse imaxes que os nosos predecesores escolleron. Unha destas manifestacións características de relevancia amósanse nos petróglifos, como aqueles que dan sona ao val medio do río Lérez, en Campo Lameiro.

Cando unha pedra ou un conglomerado delas, conforman eses elementos líticos como os citados con anterioridade ou con outros como penedos, pode dar lugar a existencia de crenzas, supersticións e diversas narracións

orais, que dalgunha maneira tentan dar unha explicación das causas da creación deses elementos, ou poida que simplemente deran lugar a creación



Mámoas de As Cabanas, en Moura (Nogueira de Ramuín).

de contos, lendas e mitos como forma de pasatempo.

Entre outros personaxes que habitaban en castros, penedos... temos as mouras e os mouros, personaxes sobrenaturais que podían ser gardadores de tesouros agochados. Riquezas que

de vez compartían cos humanos a cambio dun favor, pero de non cumprilo sempre remataba por ocorrerlle desgrazas á persoa.

Certo é que se teñen atopado diferentes achados nestes lugares, ou cando menos probas que testemuñaban a presenza de civilizacións pasadas nese lugar, que outrora sen irmos moi lonxe

patrimoniais. Mais entorno a esta convicción popular, diversas riquezas, adobíos e outros materiais esperaron e aínda esperan ser achados.

Esta relevancia do elemento lítico foi adoptada pola relixión, rememorar que esta institución co paso do tempo: creou, modificou ou eliminou diversas narracións, co fin de que as historias relixiosas cadraran nese relatorio popular. Entre diversas narracións cun carácter relixioso temos a máis que famosa Pedra de Abalar. Sen esquecermos de aludir a diversas funcións establecidas cos cruceiros.

Sobre este, crese que son capaces de transmitir propiedades medicinais, a veces ten que ir acompañada dun rito. Algúns exemplos maniféstanse na historia do Penedo do Tangaraño ou coa Pedra dos Cadrís. Outras mestúrase con elementos da natureza como a auga, así no Penedo de Santa Xusta hai unha pía con auga que cura problemas de oído.

Outra característica mística que se lle outorga a algunhas é a capacidade de propiciar a fecundidade.



M
Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Bufete BARXA
advogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense
Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo
Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

**Fai valer os
teus dereitos!**

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓN DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Fiando na roca no Museo Casa do Patrón de Lalín

Por Manuel Blanco
(Casa do Patrón)

Ben podía ser o pe de foto dunha mouro dos nosos castros fai máis de 20 séculos, o título dunha colección de cantares galegos, un baile de pandereteiras, un libro da nosa historia ou mesmo nome dunha banda folk galega, pero neste caso, é a imaxe que nos quedou gravada na retina o pasado sábado, día 20 de outubro do 2018, na gran fía e tecido tradicional do liño celebrado no Museo Casa do Patrón de Lalín, con motivo da X edición anual deste orixinal evento.

Foi esta unha xornada máis recreando esta fermosa tradición do noso rural, cun auditorio abarrotado por centos de persoas procedentes de toda Galicia, dende Puxedo (Lobios), ata A Coruña, pasando pola Estrada, Ourense, Santiago, Lugo, Vigo, O Carballiño e tamén da nosa Comarca de Deza, que non faltaron a súa cita

anual coas raíces da nosa cultura máis enxebre, presenciando e mesmo participando activamente nesta xornada etnográfica, cultural e festiva, chea de traballo e nostalgia, pero tamén de alegría, música, cantigas e bailes tradicionais, acompañados dunha boa menda, como se facía antano.

Segundo a maioría dos arqueólogos, o tecido é unha das técnicas milenarias máis empregadas polo home dende os tempos máis remotos, para satisfacer unha das súas necesidades fundamentais: a de cubrir o seu corpo para facer fronte ás inclemencias do tempo.

A presenza de sementes de liño, así como restos de teares (pesos) e numerosas fusaiolas en algúns castros como o de Doade, confirman a utilización da devandita fibra para a elaboración de teas fai polo menos 2.500 anos.

Os nosos liños eran moi apreciados en Roma, continuando ó longo de centos de

anos, ata que a principios do século XX o cultivo do liño e a produción de lenzos artesanais en Galicia foise abandonando progresivamente ata desaparecer, cara a década dos 60.

Da súa importancia dan idea os nomes toponímicos de numerosos pobos galegos, como Liñares, Liñeira, Liñar..., existindo na práctica totalidade das parroquias e lugares galegos algunha zona chamada “o liñar”, que eran as herdades onde se sementaba o liño.

Tecedeiras

Grazas a inestimable colaboración das tecedeiras de Zobra, e dos propios veciños de Doade, o Museo reproduce no mes de outubro de cada ano o laborioso proceso do liño, que pasa polo ripado, mazado, espadelado, restrelado, fiado, ensarillado, branqueado, urdido e tecido desta curiosa planta, utilizando os apeiros da gran sala de exposición do liño que podemos visitar no Museo de xeito permanente, composta por mazas, mazadoiro, ripo, restrelos, espadelas, rocas, fusos, sarillos, devandoiras, urdideira e teares, sen dúbida a máis completa de Galicia no seu xénero.

Xa fai doce anos que publicamos un completísimo vídeo sobre este proceso produtivo que constituíu durante decenios un dos piares económicos básicos da Galicia interior, debidamente explicado e comentado, erixíndose tamén nun referente dos obradoiros e demostracións da Casa do Patrón.

Que memorable espectáculo ver como traballa ó unísono este equipo de grandes expertos, cos fusos bailando ó compás do son da espadela e do canto do tear, completando o escenario co múltiple colorido da nosa exposición de colchas, sabas, mantas, camisas, saias, chalecos, mandís... feitos de lá e de liño, contidos no in-



X edición da gran fía e tecido tradicional do liño en Lalín.

ventario do Museo!

Reiterar a maior das gratitudes ás numerosas persoas que participaron e os centos de visitantes que nos acompañaron nunha festa tan auténtica e maravilhosa como foron as fías tradicionais galegas dos nosos avós, os que

pretendemos honrar a cotío co noso traballo dos últimos 23 anos, nun recuncho de Lalín: o pobo de Codeseda, unha aldea chamada a entrar nos anais da historia da “nosa terra” pola continuada e intensa actividade cultural que desenvola.



Por Xavier Alcal3

A Euro-Regi3m: amores e teimas

O meu namoro com Portugal pode vir dos tempos em que o catedr3tico de Literatura do Instituto de Ferrol nos fijo ler e comprender as cantigas de amigo, em quanto a catedr3tica de Hist3ria punha em d3vida a hist3ria oficial da Espanha: nem Gal3cia era s3 Gal3cia nem Portugal era de todo Portugal sem Gal3cia. Olhando o mapa da Pen3nsula Ib3rica aparecia umha irregularidade: a faixa ocidental estava incompleta.

Quando chegou a hora de me iniciar na profiss3m, nas ofertas de pr3ticas para alunos da Escola de Engenheiros de Telecomunica3m achei umha em Lisboa, na Plessey AEP, e m3lia falar, ler e escrever ingl3s, vendo os meus colegas a tentarem acadar posto nos EE.UU. ou na Gram Bretanha, decidim-me por Portugal. E al3 andei no meu SEAT 600 entre Ferrol e Lisboa, passando por umhas terras que “cheiravam a Gal3cia” polo menos at3 Coimbra.

Lisboa ensinou-me muito, e nom somente electr3nica. Percebim que era a cabeceira dum mundo enorme do que falavam os galegos emigrados 3 pr3pria Lisboa e ao Brasil abraiante. Aginha comprendim que Portugal era umha na3m compacta, do Minho ao Algarve, se bem “o Norte” semelhava a Gal3cia do Sul cumha pujante capital, o Porto. Amigos galegos e portugueses de Lisboa falarom-me da ucr3nia dum Portugal com capital 3 beira do Douro. De ter sido ass3, 3como seria a fala oficial do pa3s?

Lisboa, Anadia, Compostela; Ernesto Guerra da Cal, Manuel Rodrigues Lapa, Ricardo Carvalho Calero; e, ao fondo, Ferrol. Ferrol me fecit, como dizia Gonzalo Torrente Ballester, parafraseando o England me fecit de Graham Greene. A minha forma3m em Ci3ncias levou-me de Ferrol a Lisboa, para me converter em casual aluno de tr3s professores de Letras (dous deles, ferrol3ns). Guerra da Cal era o galego m3is lusista do mundo, Lapa considerava-se o m3is galego de todos os portugueses, Carvalho luitou com denodo para que o galego “dem3tico” (escrito 3 castel3) deixasse passo a um galego “universal”, grafado 3 portuguesa (e segundo as regras hist3ricas, galaico-portuguesas, da l3ngua matriz da Lusof3nia).

Marcado pola sabedoria desses gran-

des homes, a profiss3m seguiu-me levando 3 que me atrevo a chamar Galiza Portuguesa, principalmente a Braga e Porto. Durante muitos anos passei com paci3ncia a ponte do Minho e os controles de policia e alf3ndega. At3 que Portugal e a Espanha foram admitidos no clube dos pa3ses europeus. Daquela eu, como tantos habitantes de aqu3m e al3m Minho, respirei umha sensa3m de liberdade, de facilidade, de amizade, que os nossos pa3s nom dariam nem sonhado.

Ora, ao mesmo tempo xurdia umha consci3ncia de dificultade: contra todo o que mandavam a Geografia e a Hist3ria, a L3ngua e os Costumes, s3culos de vivirmos de costas viradas faziam dif3cil viajar dumha paisagem de tojo e granito a outra de granito e tojo: as estradas e os caminhos de ferro nom se correspondiam coas vontades de uni3m.

Mais seguimos com essa vontade em quanto se avan3ava noutras formas de comunica3m. Coubo-me a sorte de trabalhar no desenrolo das redes da R3dio Galega e da Televis3m de Gal3cia, fum diretor t3cnico da CTRVG e percibim o efeito que produzia a extens3m das coberturas sobre a fronteira do sul. Os “galegos” da outra banda ouviam e viam os desta, descobriam a sua continuidade 3tnica j3 dentro da Espanha.

Todo foi boa predisposi3m no eido dos neg3cios e das Ci3ncias. S3 falhmos no das Letras: sem nos faltar deve3o de conhecermo-nos, nom se adiantava na comunh3m liter3ria. Ao norte do Minho ganharmos os inimigos da abertura 3 Lusof3nia, arrecunchados na Academia, sometidos ao poder



que Madrid exercia a trav3s de quem mandava em Santiago.

Em quanto a Autoestrada do Atl3ntico se desenvolv3a, entramos num tempo de rela33es intensas entre centros tecnol3gicos. 3 volta do s3culo estabeleceu-se a RedIT, que ia de Ferrol ao Porto, juntando esses centros numha idea clara: a de partilharmos infraestruturas e equipamento em rede. Desde o CIS Gal3cia de Ferrol –cuja dire3m t3cnica me quadrou exercer– ao Inegi do Porto, passando polo IDITE Minho de Braga, tentamos desenvolver projetos de ajuda 3s ind3strias em fun3m das capacidades de cada um deles.

Foi umha bela 3poca, de ilus3m que come3ava a dar frutos quando neste Finis Terrae se compreendeu a import3ncia dos programas de Ci3ncia e Tecnologia da Uni3m Europeia. Para formarmos cons3rcios com parceiros dum m3nimo de tr3s pa3ses europeus, mesmo tinhamos a vantagem de que o Minho nos dividisse no mapa de cores da Geografia Pol3tica: gente bem levada de cada 3rea de conhecimento logo se punha de acordo co vizinho de al3m do

rio. Ass3 consegu3amos presen3a de dous pa3ses.

Com lembranças agrad3veis desta camaradage transfronteiri3a aceitei a obriga de ir procurar fondos a Bruxelas para o que daquela se chamava I+D+i. O diretor geral de Inova3m da Xunta de Gal3cia, Salustiano Mato (despois reitor da Universidade de Vigo), deu-me a oportunidade de formar a organiza3m que chamamos OPIDi, com escrit3rios em Ferrol e na capital da UE.

Doadamente, logo me relacionei al3 cos que sentiam a continuidade entre o Norte de todo –a Marinha Lucense– e o Sul que acaba no Mondego. Em Bruxelas fum atopar outro portugu3s que qu33ais se sintam ainda m3is galego c3 profesor Lapa: Joaquim Pinto da Silva, portuense, funcion3rio da Comiss3m Europeia, dono da Orfeu, Livraria Portuguesa e Galega. Esta livraria-sala de atos culturais foi para mim, durante m3is dumha d3cada, um punto de achegamento 3 terra na que me figem persoa.

Nos anos de vivir aos saltos entre Gal3cia e Flandres puidem entrar na concep3m que europeus sabedores tenhem da Euro-regi3m onde o Velho Continente se largou aos mares, a onde voltou a caravela co aviso de existirem as 3ndias Ocidentais. Cuidam que temos o privil3gio de partilharmos muito, em Europa e polo mundo; de sabermos recuperar s3culos de separa3m for3osa.

Mais ainda fica outro dabondo por andar. Eu nom desisto de que nos conhe3amos verdadeiramente em termos de Literatura; nem renuncio a poder, alg3m dia, viajar de Ferrol ao Porto num trem tam r3pido e tam c3modo coma o que hoje me leva entre a Corunha e Vigo...

Ser3 teima de velho escritor que sempre lhe quijo bem a todo Portugal.



Presentaci3n dunha novela na Livraria Orfeu, Portuguesa e Galega, de Bruxelas.

Opini3n

Por Nemesio Barxa

N3o so a justiça fica desprestigiada neste pavero reino

Os 3ltimos aconteceres da pol3tica rejeita qualquer esperançade mudançana crase dirigente deste pa3s onde seguem a primar as “castes”, denunciadas, denigradas e repudiadas por partidos reformadores ou emergentes que desavergonhadamente se sobem ao carro do compadreio e do vantagismo quando a oportunidade assoma. S3o a estupidez e a prepot3ncia do porta-voz do PP no Senado, com seu whatsapp de tranquilidade 3 “tropa” de que seguiam (por detr3s) controlando ao Poder Judicial, sacou 3 luz p3blica o que j3 era p3blico e not3rio, que o poder pol3tico controlava ao judicial e que os dois partidos principais, com migalhas para o rec3m-chegado Podemos, se repartiam de novo quotas de poder e influenza na Justiça. A publicaç3o do washapp ocasiona uma grande indignaç3o para os partidos que ficam fora do acordo e os indigitados vogais do futuro Poder Judicial e seu nominado presidente, que nada opuseram no seu momento, aproveitam para mostrar sua repulsa e recusar sua nomeaç3o pouco menos como o cigano assombrado de “que fazia este porco acima de meu ombreiro?”. O magistrado Sr. Marchena acetou o cargo de Presidente do CGPJ que lhe ofereceu o PP e mais o PSOE, sem someter-se ao legal requisito de ser elegido polo resto dos Magistrados que integrariam o Poder Judicial e esses magistrados-vogais acetarem igualmente sua nomeaç3o prestando-se a votar no seu momento ao presidente Sr. Marchena como lhe mandassem seus senhoritos, os partidos pol3ticos. Todos encantados. E renunciarem ante o esc3ndalo levantado polo whatsapp do Sr. Cosido, a quem tampouco considero t3o imprudente como para desconhecer a transcend3ncia que teria de alcançarp3blica, algo que provavelmente buscava o Sr. Cosido precisamente para fazer saltar o acordo; nada de inoc3ncia nem manifestaç3es de dignidade.

Neste Reino e Monarquia (bastante parvos somos, ter um chefe de Estado por herançae sem pagar impostos na transmiss3o), com origem numa ditadura, n3o parece que a excepcionalidade seja o esc3ndalo, sen3o que o esc3ndalo 3 o quotidiano, o normal. E os s3bditos se-

melha que j3 nos imos acostumando e, como sempre que n3o somos capazes de enfrentar a sordidez, limitamo-nos a fazer chança inundando as redes de chios e chirigotas. E os poderes f3ticos indiferentes, sem o m3nimo sentido do pudor, da honestidade ou da pr3pria estima seguem a pisotear direitos, a enriquecer-se, a obter prebendas a desprezarmos, banalizando suas arbitrariedades, suas tropelias e sua desmesura.

Como podemos manter uma fam3lia real que se mostra corrupta e insolidaria?, mais preocupados de seu libertinagem e avareza que das necessidades ou arelas de seus s3bditos, que faz neg3cios a costa do Estado, indigno comissionista, que se diverte mentras o povo sofre uma forte crise econ3mica, que interv3m para subverter os leg3timos poderes do Estado (Tejerazo), que sem nenhum reparo se relaciona e fotografa-se amigamente com o pr3ncipe saud3 assassino do jornalista J3mal Khashoggii e que ampara a um poder repressor frente aos vassalos democratas que tratam de dar a conhecer suas pretens3es por m3dio t3o democr3tico como 3 a votaç3o popular (Catalunya).,

Como podemos ter uns pol3ticos que prevaricam e depredam as arcas do Estado, que conspiram, que amassam fortunas no estrangeiro, que empobrecem o pa3s, que som indiferentes ao sofrimento da populaç3o, que traficam em t3tulos universit3rios rebaixando a credibilidade das Universidades em detrimento dos que realmente pagam e se esforçam para defender um posto de trabalho, que dilapidam os impostos que gravam 3 classe trabalhadora em prost3bulos ou em fara3nicas obras in3teis das que obtenham substanciaosas e arbitrias comiss3es?

Como podemos aturar governos que cerceiam os direitos laborais obtidos a custa de muita luta, muito sacrif3cio e incluso sangue, que violentam a vontade dos sofridos s3bditos, que recortam direitos humanos e constitucionais em tanto se lhe enche a boca de constitucionalismo, que som imperialistas, que favorecem aos mais ricos em detrimento dos mais pobres que constituem um coletivo cada vez maior, que traficam com armas, que mant3m medievais privil3gios frente ao povo?

Todo isto suportamos sem revoltas.

E ainda mais. Chega o momento em que se sentem t3o fortes que nos desprezam, que tiram de qualquer dissimulo e n3o lhes importa evidenciar que a separaç3o de poderes (alicerce da democracia) n3o existe, que os tr3s poderes ficam totalmente interrelacionados e transversalizados entre si e que unicamente reaç3es pol3ticas populistas podem pontualmente remendar desmesuras.

Matinava eu que o culmem era o triste espet3culo que j3 desde tempo atr3s vem dando a Justiça neste assombroso Reino. A sentençamais recente do Tribunal de Justiça europeu resolvendo um recurso contra a ditada por tribunal espanhol 3 a referente a declarar que Otegui e seus companheiros n3o obtiveram um ju3zo justo por falta de objetividade da magistrada; ainda que tratou de tirar ferro o Ministro de Exteriores com aquilo de que todos os pa3ses da UE podiam ter recebido alguma sentençarevogat3ria do TJE o certo 3 que em mat3ria de DDHH os tribunais espanh3is levam a palma com um 75% de sentenças revogadas. Tampouco em outras mat3rias obterem melhor nota. E j3 n3o digamos no esperpento do tr3mite do proces catal3o; maioritariamente juristas do pa3s manifestam a impossibilidade de tipificar os feitos como delito de rebel3o, opini3o mantida polos tribunais da UE que se manifestaram sobre o tema, bom, pois o juiz Llerena (por certo nomeado instrutor no TS para o tema de Catalunya saltando-se a legalidade) e o Minist3rio P3blico insistem na qualificaç3o. E para manter a pris3o preventiva da c3pula do ex-governo catal3o acodem a um argumento t3o feble como o de perigo de fugida, e de passo responsabilizam aos que se exilaram como culp3veis da medida extrema tomada com seus colegas investigados; como se em direito penal fosse norma culpabilizar a uns (precisamente aos que n3o se exilaram) polos atos de outros ou se n3o houvesse medidas para evitar fugidas.

Mas o culmem 3 a petul3ncia o descaramento dos tr3s Poderes que enlaçam plenamente seus interesses mentras os sofridos s3bditos pagamos nossos impostos, ansiamos um posto de trabalho ou um sal3rio digno e incluso discutimos entre nos defendendo a qualquer de esses corruptos que se enriquecem ou obtenham prebendas e honras no nosso preju3zo. Ser3 in3til. Como palurdos desinformados segui-

remos dando nosso voto para que mais nos amolem, para que mais se riam de nos, para que mais se sintam intoc3veis.

Na realidade, o que mais provocou a reaç3o popular foi o tema do imposto de Atos Jur3dicos Documentados na constituiç3o das hipotecas. Espet3culo denigrante representado polo mais alto Tribunal de justiça do Borb3nico Reino, no que o triste j3 n3o 3 quem realmente vai pagar esse imposto, se a Banca ou os hipotecados, pois em definitiva ser3o estes os que acabaram pagando por uma ou outra maneira; o 3nico jeito de que os que subscrevam alguma escritura hipotecaria fiquem definitivamente isentos do pagamento do imposto sobre AJD seria eliminar o imposto e ainda assim resultaria muito prov3vel que nos orçamentos auton3micos se busca-se outro conceito de igual ou maior resultado econ3mico para n3o perder ingressos; o Decreto do Governo com o que se trata de calmar os 3nimos 3 um brindes ao sol populista pois j3 se nos anunciam hipotecas com tipos de juros mais elevados que compensar3o aos Bancos a repercuss3o do imposto.

O triste 3 comprovar a que n3veis de incompet3ncia e sobre tudo de inseguridade se move a Justiça. Se um magistrado pode sentenciar branco e polo s3o argumento de que existe empate muda seu acordo para sentenciar preto, perdeu-se por completo a confiançae a a seguridade na Justiça. Segundo nos informam o resultado da votaç3o no Pleno deu empate; o Presidente da Sala, Sr. Diez Picazo, que havia votado a favor de que o imposto fosse assumido polo Banco, decidiu desfazer o empate mudando de opini3o e dando seu voto a que o imposto fosse abonado polos devedores hipotec3rios. Vale, condena e absolviç3o com os mesmos feitos e a mesma norma legal. Se o Sr. Diez Picazo, ponhamos por caso, intervira no julgamento do independentismo catal3o poderia perfeitamente considerar aos procesados inocentes e propiciar a absolviç3o e, sem outro razoamento que o de existir um empate, mudar de opini3o, considera-los culp3veis e propiciar sua condena. Valha me Deus. Melhor desfazer o empate jogando aos chinos ou polo sistema da moeda ao ar. Tristeza



continua na p3gina seguinte...

Por Xosé González Martínez, Presidente do Foro E. Peinador

Premios á excelencia etiquetada en lingua galega

En menos dunha semana faleceron dous amigos con deseme-llantes perfís persoais pero cun denominador común que os aproximaban. Dúas perdas significativas nestes intentos reiterados por estendermos a lingua galega ao espazo socioeconómico.

Xosé Manuel Pérez Canal foi un emprendedor singular polas súas innovadoras técnicas na elaboración dos afamados “Aceites Abril”, unha industria dotada de alta tecnoloxía, ubicada no Polígono Industrial de San Cibrao en Ourense.

Despois de que Carme Vaquero o convencesse das bondades de etiquetar en galego os envases dalgunhas das marcas, lembro a emoción que nos produciu a súa chegada á vila da Estrada, onde o Foro E. Peinador estaba a celebrar un encontro con empresarios no marco da homenaxe a Ramón Verea, o estradense que inventou a calculadora, coas primeiras botellas etiquetadas en galego, e da actitude que tivo perante o dono dunha gran cadea de supermercados en Galicia que lle impedía vender a súa marca se non cambiaba a lingua galega da etiqueta por outra en castelán. Xosé Manuel non aceptou a chantaxe do empresario, e por orgullo persoal renunciou a vender a súa marca naqueles establecementos. “Queremos apostar pola lin-

gua galega e non habrá ningún centro de distribución de alimentación que nolo impida”, díxolle. A maiores despregou unha campaña publicitaria moi imaxinativa en galego en publivías de



gran formato por toda Galicia.

O outro amigo falecido, Xosé Manuel Rodríguez-Abella, que foi durante moitos anos xefe do departamento de educación do Concello de Santiago, foi, asemade, unha personalidade sobranceira no deseño e execución das moitas actividades que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística organizou desde a década dos anos oitenta. Asumiu desde aqueles anos o reto de levarmos a lingua galega a ámbitos extraliterarios co consabido escepticismo do galeguismo/nacionalismo tradicional, choído nos seus dogmas e axiomas, considerando que calquera camiño novo que

se intentase abrir tería os seus infantís reproches. Eramos conscientes de que o futuro da lingua galega estaría no uso que fixesen dela as administracións públicas, incluída a de Xustiza, as empresas, a sanidade e, sobre todo, na etiquetaxe dos produtos. E nesa tarefa estivo a pé de obra con todos nós Xosé Manuel Rodríguez Abella, a quen botaremos en falta nos camiños que aínda quedan por abrir e percorrer.

Cando o próximo día 1º de decembro se entreguen os premios “Bace-los de Prata” para recoñecer a contribución de CONSERVAS AMORODO e VERMUTERÍA DE GALICIA, S.L. o uso da lingua galega na publicidade e etiquetaxes, estarán presentes as memorias dos nosos amigos falecidos. Ambos os dous contribuíron a que a mentalidade de



moitos empresarios mudaran e se decidisen a incorporar nas etiquetas dos seus produtos o noso idioma do mesmo xeito que as marcas estranxeiras que nós consumimos en Galicia procedentes doutros países se expresan nos respectivos idiomas.

CONSERVAS AMORODO é unha empresa de conservas vexetais ecolóxicas radicada en Forcarei, poñendo a disposición dos consumidores produtos de excelente calidade etiquetados en galego que expresan de xeito natural, porque a materia prima é dun territorio con lingua de seu.

VERMUTERÍA DE GALICIA, S.L. é unha nova empresa radicada en Terra de Iria, que en poucos anos ten acadado coa súa marca Vermú St. Petroni altas cotas de recoñecemento e repercusión mediática, estando presente en todo o territorio do estado e noutros países da contorna europea. Poñer no mercado internacional un produto etiquetado en galego é unha decisión que veu demostrar que para estar neles a lingua axuda a reforzar a denominación de orixe.

No pazo que foi de Álvaro das Casas, precursor da galeguización dos produtos agroalimentarios, o próximo día 1 de decembro ás 12:00 horas seranlles concedidos ás empresas referenciadas os galardóns que os consumidores galegos lles acreditan ás marcas referenciadas. As portas do pazo estarán abertas para recibir a todos aqueles que queiran asistir e cataren os produtos premiados.



...Ven da páxina anterior.

póla escassa categoría jurídica que evidenciam estas actuacións, mais triste aínda se consideramos que a Sala Terceira do TS é a mais especializada e que os magistrados que chegan a ela tenham que haver pasado um exame dentro do próprio corpo judicial. É dizer, som os mais listos. De novo Vá-lha-me Deus.

Todo este triste espectáculo invalida o proceso seguido contra o goberno catalão e contra todos os acusados ou investigados polo feitos do referendun e acordos posteriores. Quem pode ter confianza no resultado de um julgamento justo? Entre contumácia em contra da opinião maioritária de que

não existe delito de rebelião nem sedição e a desconfiança que produce o comportamento da magistratura não auguro nada bom para os processados presos ou exiliados.

Penso que a judicatura neste país deveria ter demitido em bloco, incluso os bons juizes (que também os há) por contaminação com o grosso de seus colegas. Alguém pensa em sanear a Justiça? Cá, aí tendes de novo a PP e PSOE confabulados para impor seus candidatos no próximo Conselho do Poder Judicial, Presidente do TS e presidente da Sala que julgará aos nacionalistas catalães e ao final traição do PP e todo a seguir como antes. Todo

segue igual. Alguém abriu expediente ao juiz Larena que, com a mesma falta de pudor que imputa delito de rebelião aos nacionalistas catalães, incorre em prevaricação ao deixar de perseguir ao president Puigdemon polo suposto delito de malversação de fondos públicos ao retirar a eurordem? Não, porque em definitiva neste procedimento de revanchismo o que interessa é poder julgá-lo (e condená-lo) por rebelião e não por um delito menor, muito duvidoso, como o de malversação.

E mentras esses que se lhes enche a boca de patriotas espanhóis (tal vez porque ainda ficam anclados no orgul-

hoso isolamento e no de que todavía existem Pirineus) descuidam a imagem que de Espanha e de esta milagrosa monarquia e que a sua reputação internacional vai tomando corpo como Estado autoritário, pouco dialogante, país conflitivo. Passe o que passe no futuro, os poderes do Estado sabem que a gestão que estão a realizar do Proceso vai-lhes passar fatura a escala internacional. Pior para os afetados diretamente polo proceso a quem vai passar fatura a escala pessoal e familiar.

Da medo viver neste país e mais aínda na Galiza colonizada.

Quinta do Limoeiro, novembro de 2.018.

Galicia

Ponte...nas ondas! celebra o Día Internacional do Patrimonio en Salvaterra

Ponte...nas ondas! celebrou o Día Internacional do Patrimonio cun acto de entrega de premios do Certame "As imaxes do patrimonio" aos centros educativos de Galicia e do Norte de Portugal na Casa da Cultura de Salvaterra.

Máis de 200 xoves e profesorado dos sete centros educativos premiados no Certame As imaxes do patrimonio participaron nun acto que tivo como protagonista ao patrimonio inmaterial galego-portugués.

O acto comezou ás 11.30 hs. na Casa da Cultura coa presenza da Teniente de Alcalde do Concello de Salvaterra quen deu a benvida aos asistentes. Os centros asistentes leron os textos que acompañaban ás imaxes premiadas no certame.

Os centros que obtiveron os premios foron: CPI Uxío Novo-



neira de Pedrafita do Cebreiro, Escola Profesional Infante D. Henrique do Porto, Escola EB2/3 Sophia Mello Breyner – Arcozelo, Ponte de Lima, IES Terra de Turonio de Gondomar, IES Ponte Caldelas de Ponte Caldelas e CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón de Salvaterra de

Miño. Este centro foi o que logrou o premio especial á maior participación de aí que o acto se celebre en Salvaterra.

Marta Valcárcel agradeceu a Ponte...nas ondas! o traballo realizado a prol do patrimonio común galego-portugués e mostrou a colaboración do concello

con Ponte...nas ondas! que naceu na Casa da Cultura hai 23 anos e que tanta proxección está a darlle ao patrimonio.

A Directora Xeral de Patrimonio excusou a súa asistencia debido a un problema familiar de última hora. O acto rematou coa actuación musical de Cé

orquestra fantasma.

Santiago Veloso, presidente de Ponte...nas ondas! Agradeceu a asistencia e anunciou a apertura do 2º Certame de AS IMAXES DO PATRIMONIO no que xa poden participar os centros educativos de Galicia e do Norte de Portugal.

As imaxes gañadoras e participantes poden visualizarse ao completo desde a ligazón <http://escolasnasondas.com/i-certame-de-fotografia-imaxes-do-patrimonio-as-ganadoras/PONTE...NAS ONDAS!> convidou aos centros educativos e á sociedade en xeral a celebrar o DÍA INTERNACIONAL DO PATRIMONIO CULTURAL este 16 de novembro. Para iso puxo á súa disposición unha serie de recursos educativos sobre o patrimonio para descargar ou para traballar on line : <http://pontenasondas.org/recursos/>

Máis de 1500 árbores para reforestar as zonas queimadas en Salceda

A Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño, ubicada na parroquia de Entenza, ven de realizar unha donación de árbores para as Comunidades de Montes de Salceda de Caselas afectadas polos incendios de 2017: Comunidade de Montes de Santa María, Picoña, San Xurxo,

Parderrubias e Santo Estevo de Budiño. Grazas a esta colaboración, as comunidades de montes terán á súa disposición un total de 1300 sobreiras (Q suber), 150 carballos (Q robur) e 80 roble americano (Q rubra), destinados a espazos cercanos aos núcleos de poboación, co ob-

xectivo de crear zonas naturais de protección que eviten a propagación de incendios. A estación experimental realiza a donación con intención de que se repita nos vindeiros anos, establecendo así unha relación continua coas diferentes comunidades de montes de Salceda.



Alumnado de Ponte...nas ondas! explica a súa experiencia no Master do Profesorado da Universidade de Vigo

Desde hai varios anos, a experiencia de Ponte...nas ondas! esperta o interese dos graduados da Universidade de Vigo que cursan o Master de formación do profesorado. Por este motivo veñen impartíndose sesións sobre a aplicación didáctica de Ponte...nas ondas! nas aulas como unha metodoloxía transversal ás diversas áreas do currículo formativo do alumnado.

A experiencia tense dado a coñecer a todos os participantes deste mestrado, durante os últimos anos nos distintos grupos que se forman no campus de Vigo, organizados por especialidades: Ciencias e Tecnoloxías (arredor de 60 persoas por ano), Formación profesional, FOL e Servizos á Comunidade (grupo máis numeroso, por enriba de 70 persoas), Linguas estranxeiras (por volta de 40 persoas) e Linguas oficiais (grupo de máis ou menos 25 persoas).

Ponte...nas ondas! vén desenvolvendo unha fórmula integradora e novidosa no ámbito da alfabetización multimedia desde hai máis de dúas décadas. Desde as primeiras actividades de radio escolar nos anos 90 até a actualidade dos podcasts e os vídeos por Whatsapp, diversas foron as experiencias realizadas nos centros educativos. O empoderamento do



alumnado diante dos micrófonos contribúe a desenvolver as competencias básicas e a mellorar a súa formación integral. O traballo co patrimonio inmaterial galego-portugués é un dos labores que as escolas desenvolven impulsados por diferentes iniciativas lanzadas desde Ponte...nas ondas! como os Certames de recolla ou os concursos sobre As imaxes do patrimonio, entre outras.

Nesta ocasión foi o alumnado do IES Terra de Turonio de Gondomar quen se achegou á Facultade de Bioloxía para explicarlle aos futuros docentes o seu traballo nas ondas. Unha experiencia que se desenvolve no seu instituto, un dos centros de Ponte...nas ondas!, realizando emisións en directo a través de Internet, elaborando podcasts

de diversas temáticas e difundindo vídeos e audios a través das redes sociais e Whatsapp.

Marcos Crussat de 2º ESO, Carlos Enrique Pérez e Claudia Comesaña de 3º ESO participan na sesión divulgativa de Ponte...nas ondas! non só expondo as súas experiencias diante dos micrófonos senón exercendo de entrevistadores coa aula de graduados con quen intercambian impresións sobre a actividade de Ponte...nas ondas!

Nas dúas sesións impartidas encontrábanse graduados que pasaran por Ponte...nas ondas! e mesmo ex-alumnos do IES Terra de Turonio, que tamén lembraron o seu paso polas ondas nos anos de Instituto, dando unha perspectiva histórica dunha experiencia que se mantén no tempo pola súa

forma alternativa de motivar ao alumnado, mediante a conexión coa contorna próxima do seu concello e comarca, e coa contorna veciña do Norte de Portugal, seguindo os consellos da mellor pedagogía intercultural e interxeracional, levados á práctica dun xeito maxistral.

A exposición do proxecto de Ponte...nas ondas! contemplou diversas proxeccións onde se mostrou o traballo co patrimonio inmaterial galego-portugués ao longo destes 23 anos. Esta abordaxe do patrimonio común a través da radio e das novas tecnoloxías despertou o interese dos graduados que se interesaron por actividades como os encontros de xogos tradicionais, os tesouros humanos vivos ou as recollas de patrimonio inmaterial realizadas desde as escolas.

Tamén se mostraron as publicacións de Ponte...nas ondas! en formato libro e audiovisual como "Meniños Cantores", "Cores do Atlántico" ou "Na ponte".

A experiencia para os estudantes de ESO foi irrepertible, pero tamén mantivo o interese dos futuros profesores das diferentes especialidades do ensino secundario, interese que se amosa na elección dos traballos de avaliación do módulo de Sistema Educativo e Educación en Valores. Ante a posibilidade de elixir entre tres posibles lecturas, a maioría elixe o traballo relativo a Ponte...nas ondas! e a posta en valor da cultura popular e o patrimonio, realizando comentarios orixinais e moi reflexivos con achegas interesantes para o futuro do proxecto.

PLATOS TÍPICOS GALLEGOS

Especialidad en Mariscadas
Lacón con grelos
Caldo Gallego
Pulpo a feira
Vino d'a terra



Se venden grandes Mariscadas para la calle (Obsequio de Viño d'a Terra)

Se celebran Comuniones y Comidas de Empresa

Marisquería **Río Miño**
Restaurante

De lunes a viernes MENÚ DIARIO MENÚ DE RACIONES

Calle Limón, 9
28015 MADRID

RESERVA DE MESAS

Tel. 91 547 31 98 y Tel./Fax 91 541 26 34

E-mail: marci_rey@hotmail.com



*Bo Nadal e
feliz ano
2019*

CONCELLO
DACAÑIZA



Unha historia de emigrantes

Por Ramón Coira Luaces

Historias como esta debe haber moitas, porén a min paréceme especial porque me resulta moi próxima. A miña avoa, Carmen Luaces Casanova, naceu en 1890 no concello de Begonte, na Terra Chá, provincia de Lugo. Aos sete anos morreulle a súa nai e ela, que era a maior de catro irmáns pasou a ocuparse deles. Estaba psicolóxicamente afectada e foi sonámbula até pasados moitos anos. Pola noite erguíase da cama e abrazábase aos corozos das berzas, chamando pola nai ou saía a pasear en camisón pola beira do río. Cando regresaba ao fogar, deixaba a porta aberta e, aínda que na casa inicialmente desconfiaron dos ladróns, acabáronse por enterar de que era ela e o seu pai decidiu pechala polas noites. O meu bisavó era labrego e tratante de gando. Volveu casar e tivo outros catro fillos coa nova esposa. Tiña problemas para mantelos a todos e decidiu emigrar a Cuba coa miña avoa, a maior, que daquela tiña 19 anos. A viaxe foi en barco e os cociñeiros déronlles carne de gato con arroz, dicíndolles que era coello. Cando se soubo a verdade algunha xente vomitou.

El traballou na construción do camiño de ferro e ela de criada na casa dun Gobernador. Aquela era unha casa moi rica e a miña avoa ás veces atopaba moedas de ouro polo chan e ela sempre as deixaba enriba da mesa. A señora da casa -quizáis ao ver que era honrada- colleulle cariño a deprendeulle a ler. E foi así como soubo ler, que non escribir. E todos os días a señora convidábaa a tomar unha copíña de anís con ela. A miña avoa contábame que se sentía moi a gusto naquela casa; mais a sorte torcéuselle, porque un cociñeiro -que casualmente era casado e tamén galego- comezou a facerlle proposicións e a acosala insistentemente,

dicíndolle que uma muller tan guapa como ela non tiña porqué traballar. E ela acabou marchando da casa. Buscou traballo nunha fonda onde daban comidas e unha xente tamén española ríase dela por mor do seu sotaque galego. Ela era moi correcta e educada e iso era algo que a sublevaba, o que a eles aínda lles tiña máis graza. Un día saíu na súa defensa um mozo -tamén galego- chamado Manuel Luaces e, despois, falando e falando decatáronse de que eran curmáns. El emigrara a Cuba con quince anos e foi alí onde se coñeceron e entablaron relacións, casando pouco despois.

El era moi inxenioso e traballou buscando auga e facendo pozos nas fincas dalgúns terratenentes. Despois adicouse a vender e a colocar toldos, que a miña avoa cosía cunha máquina de coser SINGER (Que trouxo a Galiza). De La Habana pasaron a Camagüey, e el vendeu xeados. El era moi intelixente



Avó Manuel e Avoa Carmen.

e deu en ler libros de medicina naturista e fíxose curandeiro, curando a numerosas persoas tanto en Cuba coma en Galiza, cando volveron. Mais esa nunca foi a súa profesión e, con frecuencia, era a xente a que o buscaba e el, que se resistía a exercer de curandeiro, pois non tiña titulación nin licenza para practicar a medicina; pero tanto lle porfiaban que acababa aceptando. A miña avoa foi feliz con el e só tiña um reproche que facerlle e era que cando lles ía ben nun sitio, el aburríase e quería cambiar de vida e marchar para outro lado. El sempre dicía: "máis vale gañarse a vida vendendo mixtos que traballar para un patrón". E así fixo sempre. En Cuba naceu a miña tía Mercedes e na



Palacio Gallego y Gran Teatro Nacional.

Galiza a miña nai, María Antonia Elvira. Na Galiza pouco pararon porque o meu avó xa non se afacía ao clima e marcharon para Melilla, onde montou unha fábrica familiar de lexivia e xabón. E, previndo a Guerra, fixo un refuxio de hormigón, onde se refuxiaban moit@s veciñ@s nos bombardeos da Guerra Civil. A el casi o fusilan por dúas veces, porque nunca ía a misa, tiña

familia paterna, porque tiñan un cofre cheo de moedas de ouro de vinte dólares (os aforros de Cuba) e, de cando en vez, cando o precisaban, vendían unha moeda por 5.000 pts.

Cando eu era pequeno a miña avoa contábame historias de Cuba e amosábame algúns recordos que gardaba nun baúl: unhas postais en branco e negro, un paraugas de madeira, unha medalla da Virxe do Cobre e outras cousas sen máis valor que o sentimental. Falábame de que ás veces aparecían pitas mortas desangradas (supoño que polos rituais de santería) e ela botáballe a culpa a uns asiáticos que tiñan un restaurante chinés a carón de onde vivían eles e tíñalles medo. Falábame dos paseos que daban polo Malecón de La Habana... Tamén me contaba de que no campo había unha gran facenda chea de árbores frutais e que o dono deixaba que a xente comese o que quixese e levase o que poidese coller coas mans. E dunha vez que houbera unha revolta da poboación negra e mestiza e de que ela collera medo porque disque algúns bicaban na boca ás mulleres brancas pola rúa.

A miña avoa practicaba nudismo na horta da casa, ao abeiro de olladas indiscretas e por motivos naturistas. Lía enfermizamente "O CASO", un xornal pragrado de crimes truculentos que a horrorizaban. Alegrábase cando "o Lute" se fugaba, o que amolaba ao meu pai (...). E axudou a criarnos a min e a miña irmá, gastaba en nós a súa pequena paga e recórdoa con cariño. Nos seus últimos anos -vivió 93- padeceu demencia senil e tiña pánico de que a torturasen ou lle desen unha mala morte, pois estaba convencida de que a querían matar. O seu delito supoño que era ser unha boa persoa.



Redacción

Por Xulia Boo Miguéns. Lousame.

Entrevista a Ramón Campos, guionista e produtor audiovisual

"En "Fariña" máis que unha trama policial buscaba facer un retrato dun momento da historia de Galicia"

Ramón Campos (Noia, 1975), guionista e produtor audiovisual, creou en 2007, xunto coa súa muller Teresa Fernández Valdés, a empresa de Bambú Producciones. Recoñecido pola creación de series de éxito como Velvet colección, Traición, Las

chicas del cable ou a máis recente Fariña, conversamos con el a propósito precisamente desta última, que acaba de pechar a súa primeira temporada en Antena 3 TV con récord de audiencia a nivel nacional e, por suposto, galego.

Dende Guante Blanco, Bambú Producciones non volveu realizar un proxecto baseado na trama policíaca; por que motivo se animaron a crear a serie Fariña?

En realidade si que fixemos outra serie policial, "Bajo Sospecha", coa que pretendíamos retomar o camiño que fixeramos na nosa primeira serie a nivel nacional: "Desparecida". Dende o primeiro guión que vendera na miña vida, "Entre Bateas", levaba tempo tentando facer unha nova serie sobre o narcotráfico en Galicia. Foi no momento que lemos o libro de Nacho Carretero cando atopamos a forma de que unha cadea, A3, aceptase. De calquera xeito, en "Fariña" non buscaba tanto contar unha trama policial como facer un retrato dun momento da historia de Galicia do que case non se sabía nada a nivel nacional ou internacional.

Á parte do libro de Nacho Carretero, documentouse dalgunha outra maneira? Se é así, cal?

Nacho Carretero traballou con nós man a man no desenvolvemento dos guións. Ademais el deunos acceso a coñecer a algúns dos protagonistas reais da historia: o fiscal Zaragoza, algúns narcos... pero sobre todo a principal fonte de documentación foi o seu libro, porque era un traballo moi exhaustivo e nas súas páxinas estaba todo.

Na serie observamos con

gran nitidez todo o mundo do narcotráfico, pero non se reflicten moito as consecuencias da chegada da droga a Galicia, sobre todo na xuventude. O impacto social foi tremendo, xeracións de mozos e mozas, así como as súas familias, víronse afectadas por esta lacra. Non se debería ter incidido un pouco máis neste aspecto? Non teme que a serie converta aos narcos en heroes sociais?

Unha serie de televisión é como unha novela, hai que valorala en conxunto.. As consecuencias do que en principio a sociedade galega aceptou como normal aparecen. Por outra parte, penso que a ningún lle gustaría rematar como remataron a maioría dos que aparecen na serie: ou no cárcere ou no cemiterio.

Por que o personaxe de Sito Miñanco cobrou máis relevancia na serie ca outros narcotraficantes da época?

Porque Sito resumía para nós a viaxe de ascenso e caída. Un rapaz ambicioso, intelixente, que quere medrar e que non sabe frear a tempo e remata caendo no lado escuro. Como personaxe, a nivel narrativo, é posiblemente o que fai a viaxe mais clara e tamén porque foi posiblemente o narcotraficante mais lexendario que deu Galicia.

Recentemente, en Cádiz a policía tentou deter a un narco e 200 persoas evitá-

rono interpoñéndose para protexelo, feito moi similar ao que pasaba na época de Pablo Escobar en Medellín; na serie, Sito Miñanco tamén é querido polo pobo, polo que observamos tres reaccións similares da sociedade en tres épocas distintas. Que opina acerca disto?

A verdade é que hai que entender as situacións no seu contexto histórico e social. Todo é consecuencia duns feitos. Sito Miñanco soubo gañarse ó pobo nun momento no que todos pensaban que so traficaba co tabaco e iso en Galicia era algo aceptado pola sociedade. As persoas que evitaron a detención do narco en Cádiz traballaban con el... por non falar de Pablo Escobar, que tiña comprado a un país enteiro.

En diversos medios publícase que na última detención de Sito Miñanco se encontrara na súa casa un guión dividido en capítulos da serie Fariña. Colaborou, tal vez, no guión? Que hai de certo nisto?

Sabemos que é certo, aínda que non temos nin idea de como se fixo cos guións da serie. Non colaboramos con el pero sabemos que dixo que a serie parecíalle entretida aínda que había cousas coas que non estaba de acordo.

Malia que Fariña se emitiu por unha cadea nacional, sendo unha serie tan galega, non sería natural que os galegos puideramos gozar dela



na nosa lingua e que para o resto de España estivese traducida ou subtitulada? Consideraron, quizais, que de facelo así a verían menos espectadores ou houbo outros motivos?

É unha utopía pensar en facer unha serie en galego para unha cadea de ámbito nacional. Iso unicamente iría en detrimento da serie e da repercusión. É igual que pedir que en "Gladiator" falasen en latín por unha cuestión de verosimilitude. Seguramente de telo feito así, non estaríamos falando da repercusión de "Fariña".

Cada capítulo leva como título un ano da década dos oitenta. En que se quixo incidir utilizando estes títulos?

En cada capítulo tratamos o que aconteceu neses intreos en Galicia. Por iso decidimos dividir así a historia. A primeira temporada vai dende finais dos 70 ata primeiros dos 90. **Como viviu a grande acollida que tivo a rodaxe entre a poboación da súa vila natal e da comarca?**

Para min é un orgullo e unha débeda que tiña con Noia poder ir a gravar algo alí. Co exalcalde de Noia falara moitas veces da posibilidade de gravar na nosa vila e con

"Fariña" atopei a ocasión perfecta. A verdade é que non puido ser unha decisión máis acertada, porque atopamos todo o apoio tanto do pobo como das autoridades.

A maioría das súas producións teñen un alto índice de audiencia e Fariña non é menos; cal é o segredo do éxito?

Sempre tentamos analizar o público da canle, o tipo de serie... pero no caso de "Fariña" tivemos moita sorte porque grazas á detención de Sito Miñanco e do secuestro do libro a historia pasou a primeira liña informativa e esa foi a mellor promoción que puidemos ter. Non existe un secreto para o éxito, só facer as cousas da mellor forma posible.

Xa para rematar, con que nos sorprenderá Bambú despois de "Fariña"? Que novos proxectos afrontarán?

Agora mesmo estamos traballando na terceira tempada de "Las chicas del cable en Netflix"; na segunda de "Velvet Colección" en Movistar; en "45 revoluciones" para A3; na serie documental "El crimen de Alcasser", para Netflix; e noutros proxectos dos que non podemos falar pero que non tardarán en facerse públicos.

Humor

Concurso O sorriso Inca, Cusco, Perú

Por Francisco Puñal Suárez

O tema a “honestidade, arma contra a corrupción”, 347 debuxantes de 62 países participaron con 725 obras no Concurso Internacional de Humor Gráfico O Sorriso Inca, creado e organizado pola empresa Carpa de Tinta, con Pepe Sanmartín e Diana Maza á cabeza, nunha edición patrocinada polo Instituto Cultural Peruano Norteamericano e a Universidade Nacional Diego Quispe Perico de Cusco.

Neste evento, o Xurado conformado por recoñecidos profesionais da gráfica peruana, procedentes de distintas rexións, definiu os tres primeiros lugares con marxes moi estreitas, recorrendo á valoración de detalles conceptuais para outorgar os premios:

o primeiro correspondeu a Yang Lijie, de China; o segundo, a Ángel Boligán, de México, e o terceiro, a Julio Carrion Cueva, de Perú. Ademais outorgáronse sete menciones de honra.

Chama a atención como os caricaturistas abordan as diversas maneiras en que a deshonestidade campea na sociedade: roubo, corrupción, subornos, arbitrariedades, abusos, mentiras, inxustizas...e cada unha destas “desviacións” ten un representante individual, persoas con nomes e apelidos, entidades, e organizacións de todo tipo, que “actúan” sen cumprir normas éticas e sen aforrar sufrimento ás persoas.

Unha vez máis os cari-

caturistas, coa súa mirada crítica e reflexiva, poñen o dedo na chaga ao referirse a un negativo comportamento humano, que pon de manifesto a falta de empatía e solidariedade entre as persoas, fomentada por unha sociedade onde o afán de lucro está por riba de todos os valores.



Tercer Premio- Julio Carrion Cueva - Peru




Segundo Premio - Angel Boligán - Mexico



Mención de Honor - Musa Gumus - Turquía



La sonrisa Inca - Jordan Popiliev - Macedonia



La sonrisa Inca - Bernard Bouton - Francia



Primer Premio - Yang Lijie - China




Mención de Honor - Seyran Caferli - Azerbaijan



La sonrisa Inca - Zuleta - Colombia

LUIS MAC-BEATH



Pablo Casado



Taznar



Justicia

MARILENA NARDI



O conductor



Vella Europa

CAU GOMEZ / HARCA



Trump



FUCO PRADO



Novas da Raia

Redacção

Monção mais atraente em época de Natal

O programa de Natal do Município de Monção iniciou-se na passada sexta-feira com a abertura da iluminação natalícia, momento com grande envolvimento dos comerciantes e participação da população local, prolongando-se durante todo o mês de dezembro.

As principais artérias da vila de Monção estão embelezadas com motivos alusivos à época, transmitindo uma colorida sensação de alegria e luminosidade, sendo visíveis, a cada passo, árvores de natal executadas com criatividade e imaginação pelos comerciantes.

Saliência para a árvore de Natal localizada em frente à antiga estação da CP, hoje sede da Banda Musical de Monção, e a decoração na Rua Ge-

neral Pimenta de Castro, Rua 5 de Outubro, Rua Conselheiro João de cunha, e Largo S. João de Deus, artérias com forte atividade comercial.

Também as urbanizações envolventes ao centro histórico da vila apresentam diversos apontamentos de Natal, tornando, desta forma, mais alargada a atratividade que o Município de Monção oferece aos munícipes e visitantes ao longo de todo o mês.

No passado fim de semana, abriu a área de divertimentos, na Avenida da antiga Estação da CP, disponibilizando pista de gelo natural, carroséis, insufláveis, carrinhos de choque, elásticos e jogos. O horário é o seguinte: segunda a sexta, das 15h00 às 22h00. Sábados, domingos e feriados, das 10h00

às 12h30 e das 15h00 às 22h00.

Com organização da Associação de Artesãos de Monção - Post`Arte, realiza-se, entre os dias 6 e 9, na Praça Deu-la-Deu, um Mercado de Natal, disponibilizando a munícipes e visitantes uma panóplia bastante interessante de artigos artesanais. O lema é: "Uma prenda artesanal é a melhor prenda de Natal".

No dia 7, inaugura-se a Exposição ao Ar Livre de Presépios de Natal. Participam 39 instituições/associações/clubes do nosso concelho que prometem expor presépios imaginativos e criativos. A localização, definida em sorteio, abrange o centro histórico e urbanizações envolventes.

A partir do dia 14, na Praça Deu-la-Deu Martins, estará pa-



tente ao público uma carpa grande, onde terão lugar as oficinas de trabalho "Árvore dos Sonhos" e "Construção de Presépio", sessões de cinema, atuações musicais e espetáculos de teatro e dança.

Nesta área, cujas atividades contam com a colaboração da Comissão de Festas em Honra à Virgem das Dores 2019, o público pode ainda degustar produtos alusivos à época,

bem como participar no Brinde de Natal, dia 24, e no Brinde de Ano Velho, dia 31.

A partir do dia 22, estão previstos concertos de Natal, a corrida S. Silvestre Solidária, unindo Monção e Salvaterra de Miño, bem como atividades promovidas pelas associações locais, onde o Pai Natal vai chegar de mota, bicicleta e barco, trazendo na bagagem muitas surpresas para os pequenos.

Aprovada candidatura para requalificação dos Jogos de Água do Castelinho

Referência turístico-ambiental a nível ibérico, o Parque de Lazer do Castelinho foi, entre maio e julho, alvo de uma significativa intervenção de foro municipal, ganhando uma imagem atrativa e consentânea com as expectativas dos milhares de visitantes, quer ao nível dos espaços de circulação e da iluminação, quer na remodelação/colocação de infraestruturas.

A requalificação geral do espaço conhecido como parque aquático apresentava-se como uma prioridade para o executivo, dada a enorme afluência no período de verão. O objetivo é proceder, em 2019, à substituição de todos os equipamentos, à beneficiação dos pavimentos existentes com novo tratamento superficial e à construção de uma nova estrutura de apoio com câmara de manobras e



reservatório soterrado.

Devido ao elevado investimento previsto, a Câmara Municipal submeteu, em julho, o projeto ao Programa "BEM - Beneficiação de Equipamentos Municipais" no âmbito do Contrato Programa - Programa Nacional de Coesão Territorial, tendo obtido aprovação no presente mês. Com um custo estimado de 400 mil euros, o financiamento aprovado incidirá sobre 300 mil euros, com uma taxa de financiamento de 60%,

correspondendo a uma verba alocada ao Município de Vila Nova de Cerveira de 180 mil euros, cabendo à autarquia suportar o restante.

Inserido no Parque de Lazer do Castelinho, este parque temático, que simula uma réplica do rio Minho com os seus canais, comportas, barragens, jatos e repuxos de água, é um dos espaços prediletos de visitantes oriundos do Norte do país e da vizinha Galiza, durante a época veraneante.

Cerveira pretende ampliar Creche do Centro de Apoio às Empresas

Em funcionamento desde 2006 como resposta social inovadora em contexto empresarial a nível nacional, a Creche do Centro de Apoio às Empresas de Vila Nova de Cerveira tem registado uma procura acima da sua capacidade para a qual não tem conseguido dar resposta. Neste sentido, a autarquia cerveirense apresentou recentemente um estudo prévio para a execução da primeira ampliação daquele equipamento, com o objetivo de acolher um maior número de crianças por forma a colmatar as carências existentes.

Até ao momento, a creche acolhe 77 crianças em dois turnos, num horário alargado entre as 05h30 e as 19h00, permitindo a melhor conciliação entre a vida familiar e profissional do agregado familiar. Com a remodelação prevista pretende-se aumentar a capacidade para mais 16 crian-



ças, na faixa etária dos 12 aos 36 meses, através da ampliação da creche para o lado sul e que permitirá a criação de pelo menos dois postos de trabalho diretos, juntando aos 19 já existentes.

Com um investimento estimado de 80 mil euros, o projeto de ampliação da Creche do Centro de Apoio às Empresas será apresentado ao Aviso NORTE-42-2018-11 Equipamentos Sociais, integrando o mapeamento do PDCT Alto Minho: Equipamentos Sociais PI 9.7 com uma verba alocada de cerca de 73 mil euros, e com prazo de execução para o primeiro semestre de 2019.

Nace o programa "FestAlegre", con dez espectáculos de diferentes disciplinas en seis escenarios de Compostela

Dez espectáculos de circo, danza, música e teatro en seis escenarios diferentes. É a proposta da Concellaría de Acción Cultural no programa FestAlegre, que se vai desenvolver na semana do 17 ao 23 de decembro e que será financiado con cargo aos Orzamentos Participativos Compostela Decide.

A concelleira de Acción Cultural, Branca Novoneyra, presentou o programa FestAlegre nunha rolda de prensa na que estivo acompañada por dúas das persoas que participarán na programación, César Martínez "Goldi", Xesús Ron e Helen Bertels. A edil explicou que o festival inclúe "un total de dez actuacións, das que catro se desenvolverán no Teatro Principal e unha máis no Auditorio de Galicia, pero os demais espectáculos terán lugar en espazos que non son habitualmente empregados na programación cultural do Concello de Santiago, como son a sede da SGAE, a Escola de Altos Estudos Musicais, o Museo de Historia Natural e a Casa de Europa, todos eles no ámbito da Finca de Vista Alegre". A concelleira apuntou que a localización "responde ao que

se achegaba na proposta seleccionada no proceso de Orzamentos Participativos, e que obtivo un financiamento de 35.000 euros".

Espazo "Berberecheira"

FestAlegre arrincará no Teatro Principal, onde están previstas ata catro das actuacións do cartel. As tres primeiras son proxectos xurdidos na Berberecheira, o espazo creado por Chévere despois de ter obtido o Premio Nacional de Teatro.

A primeira das propostas, o 17 de decembro ás 20:00 horas, será a montaxe Goldi Libre, un traballo de teatro-documento sobre o movemento da insubmisión nos anos 80 e 90. A obra está feita a partir das propias experiencias de César Martínez e da súa estancia no cárcere "durante dous anos, catro meses e un día por non realizar nin o servizo militar nin a prestación social substitutoria". O 18 de decembro, e tamén a partir das 20:00 horas, a actriz Iria Pinheiro subirá ao escenario do Principal para representar a súa Anatomía dunha serea. Na montaxe, a actriz conta como viviu o parto do seu fillo, "no que foi mutilada e se sentiu estafada e abandonada polo sistema,

como outras moitas mulleres en todo o mundo". Xa o día 19, o FestAlegre permitiranos coñecer a obra audiovisual Salvador, de Borja Fernández e Laura Iturralde. Trátase dun proxecto de artes escénicas sobre os movementos migratorios co que se pecha a Triloxía 666, tres pezas escénicas separadas seis anos no tempo.

Finca de Vista Alegre

Tras do arranque do FestAlegre no Teatro Principal, o programa trasladarase á Finca de Vista Alegre, con ata cinco espectáculos nos espazos nela localizados. Na sede da SGAE, Helen Bartels e Mónica de Nut representarán as súas Accións Nimias o 20 de decembro a partir das 20:00 horas; e media hora máis tarde, na sede da Escola de Altos Estudos Musicais poderemos ver o programa Nadal, ti que cantas, da asociación cultural e musical Solfa.

Xa o 21 de decembro, a partir das 18:00 horas, está previsto que o Museo de Historia Natural acolla a representación de A música das árbores, con Anxo Moure e Servando Barreiro. Este é un espectáculo familiar para todas as idades, que conta como "o trasno Graciano trata de salvar a música das árbores,



César Martínez, Xesús Ron, Branca Novoneyra e Helen Bertels na presentación.

que desaparece por mor dos incendios".

Na Casa de Europa están previstos dous dos espectáculos do FestAlegre. O 21 de decembro, ás 20:00 horas, acollerá un recital multidisciplinar do Grupo Oriol con poemas de Eva Veiga. Ao día seguinte, tamén ás 21:00 horas, haberá un concerto de Cova Villegas e o dúo Delta Galgos, baseado na obra poética de Antonio Gamoneda.

Auditorio e Principal

O FestAlegre pecharase con cadansúa proposta no Auditorio de Galicia e no Teatro Principal. A primeira, o 22 de decembro a partir das 19:00 horas, será o espectáculo Orquestra de malabares, coa participación da Banda Municipal de Música de Santiago e dos malabaristas

Arturo Cobas, Dulce Duca, Dani Fausto, Aitor Garuz, Guillermo Porta, Santiago Montero e Jesús Velasco "Xampi".

A axenda do festival complétase cunha nova entrega de As raíces na pedra no Teatro Principal. Será o 23 de decembro, ás 19:00 horas, coa participación do Obradoiro de Cultura Tradicional Ulteira e da Agrupación Cantigas e Agarrimos, e centrado na tradición galega dos cantos de reis.

O programa FestAlegre é unha proposta da Concellaría de Acción Cultural que nace dos Orzamentos Participativos Compostela Decide. Todas as actuacións serán libres ata completar aforo e só será precisa a retirada previa de convites para o espectáculo do 23 de decembro no Teatro Principal.

Luis Tosar recibe o Premio Ourense polos seus 20 anos no cine

Luis Tosar recibiu o Premio Ourense como homenaxe aos seus 20 anos como actor de cine, un recoñecemento que o Ourense Film Festival (OUFF) quere dar a "un dos grandes actores do cine español", en palabras de Miguel Anxo Fernández, coordinador artístico do OUFF. Tosar amosouse moi agradecido polo premio, sobre todo,

porque como confesou, está "sentimentalmente moi unido a esta cidade". Remarcou que o Festival de Ourense é unha proba de que "resistimos e estamos aquí" nun momento de transformación do cine no que o futuro é incerto.

O intérprete tamén lle sorprendeu que ao encontro coa prensa asistira un grupo de estudantes da ESO, que parti-

cipan en varios actos para experimentar como é un festival de cine por dentro. Para Tosar, é "moi bonito" comprobar que hai xente moi nova con ganas de ver cine e tamén de facelo.

O Premio Ourense súmase así a unha longa lista de galardóns que Luis Tosar recibiu ao longo da súa carreira e nos que destacan tres Goyas (máis outras catro nominacións), sete premios



Luis Tosar e Miguel Anxo Fernández.

Mestre Mateo, dous Fotogramas de Plata, tres Premios de la Unión de Actores y Actrices, outros tres galardóns do Círculo

de Críticos Cinematográficos e a Espiga de Honor da Semana Internacional de Cine de Valladolid (Seminci) do 2017.

Novas da Raia

Redacción OURENSE

A Confraría Gastronómica do Sarrabulho asina convenio con Xantar

Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, representado no figura do seu director, Alejandro Rubín Carballo, participou como convidado especial no terceiro Faladoiro gastronómico organizada pola Confraría Gastronómica do Sarrabulho á moda de Ponte de Lima. O acto celebrouse na Casa dos Sabores-Clara Penha situado nesta localidade e que foi durante anos un restaurante no que se degustaba un dos mellores arroces con sarrabulho da rexión.

Durante este acto de aposta pola gastronomía de calidade e autóctona, foi asinado un convenio de colaboración entre Xantar, a Confraría do Sarrabulho e a Cámara Municipal de Ponte de Lima. Alejandro Rubín como director de Xantar; Cristina Méndes como presidenta da Confraría e Paulo Barreiro Sousa, como vereador de Turismo de Ponte de Lima, foron os asinantes deste protocolo de colaboración e pro-

moción mutua que se verá materializado tamén durante a 20ª edición de Xantar que terá lugar en Expourense entre o 6 e o 10 de febreiro de 2019. Acudiron ademais o cónsul de Portugal en Ourense, Jose Pires da Silva, o presidente da asemblea municipal de Ponte de Lima e directivos da Escola Profesional de Agricultura e Desenvolvemento Rural de Ponte de Lima.

Este acto serviu tamén para estreitar relacións entre a Con-

fraría Gastronómica do Sarrabulho e a do Lagostino de Marín que participou como confraría convidada nesta ocasión. Ambas participarán no Encontro Internacional de Confrarías que se celebrará en Xantar o xoves 7 de febreiro.

Durante este acto servíuse o tradicional arroz de Sarrabulho á Moda de Ponte de Lima elaborado pola ilustre cociñeira local María do Carmo, toda unha referencia nesta rexión.



A Confraría de Marín entregou diploma de honra á Confraría do Sarrabulho.



José Pirís con Alejandro Rubín.



Cristina Méndes presentou o acto.

Seis meses gastronómicos en Ponte de Lima

O municipio de Ponte de Lima presentou o proxecto "Em época baixa, Ponte de Lima em alta 2018/2019" e, en paralelo, Expourense a través do seu director Alejandro Rubín Carballo, presentou Xantar 2019.

Ponte de Lima segue apostando por este proxecto que fomenta a creación de motivos de interese, de atractivo e de chamamento ao investi-

mento, motivados pola creación de dinámicas diversas.

Ao loitar contra a estacionalidade turística, este plan demostrou unha indubidable plusvalía, que cruza o campo económico, o social, a o tecido empresarial do consello nos seus diversos sectores. O plan se ramifica en favor da promoción da calidade gastronómica e da prestación dun servizo de excelencia.



A campaña presentouse na Casa dos Sabores, de Ponte de Lima.

EM ÉPOCA BAIXA PONTE DE LIMA EM ALTA

2018/19

VII Festa da Gente Miúda
07 a 09 de dezembro

XII Verde Noivos
12 e 13 de janeiro

**XI Feira do Porco e as
Delícias do Sarrabulho**
25 a 27 de janeiro

IV Feira 100% Agrolimiano
08 a 10 de fevereiro

V Expo Saúde/Juventude
22 a 24 de fevereiro

**III Feira da Educação,
Ciência e Tecnologia**
14 a 17 de março

N'sabores Ponte de Lima
- Gastronomia e Turismo
30 de março a 02 de abril

Durante os fins de semana do programa "Em Época Baixa, Ponte de Lima em Alta" haverá um desconto de 10% em alojamento nas unidades hoteleiras aderentes, para as noites de sexta-feira e sábado, e a restauração aderente oferece 1 leite-creme, por dose, nas refeições de sábado e domingo, promovendo uma iguaria típica da cozinha tradicional limiana.

Entrada livre
Estacionamento gratuito

VISITE PONTE DE LIMA!

**Fim de Semana Gastronómico
do Bacalhau de Cebolada**
01 a 03 de março

**Fim de Semana
Gastronómico da Lampreia**
05 a 07 de abril

**Fim de Semana Gastronómico
da Carne Minhota**
04 e 05 de maio

Os Fins de Semana Gastronómicos realizam-se nos estabelecimentos comerciais aderentes (a divulgar), com ações gastronómicas e animação pelas ruas do centro histórico.

Funergal, punto de encontro profesional do sector da Península

Por Silvia Pardo

Funergal consolidou os mellores resultados da súa traxectoria como feira internacional do sector funerario. Se a edición de 2016 supuxo un punto de inflexión na feira na que se superaron todos os datos de participación de expositores e visitantes, a de 2018 posicionala definitivamente como o gran centro de negocios internacional na Península Ibérica. Trátase dunha edición que cumpriu as expectativas dos 111 expositores de 14 países que transmitiron á organización de Expourense o seu alto nivel de satisfacción no referente ao negocio realizado e ás visitas recibidas durante estes dous días, máis de 4.000.

Esta edición contou coa colaboración de grandes grupos funerarios de España (Funes-



Directiva da Orde do Camiño de Santiago.

paña, Interfunerarias, Grupo Albia e Parcesa) que viron nesta cita unha oportunidade de posicionar a súa marca entre os profesionais e de abrir o sector a unha sociedade no que a morte continúa sendo

un tema “tabú” e no que traballan para cumprir unha función crave nun cambio de paradigma e transformar a morte nunha experiencia íntima e plena no que o funera sexa unha homenaxe a vida levada

polo falecido.

Entre os expositores de Funergal 2018 compartiron espazo cos principais fabricantes de cadaleitos, fornos crematorios, urnas, vehículos fúnebres e outros artigos funerarios

de España e Portugal e doutros países como Italia, Holanda, Francia, Paquistán e Alemaña que ademais tiveron a oportunidade de reunirse cos importadores de Brasil, Guatemala e Colombia que participan na misión comercial internacional desta edición.

Camiño de Santiago

Entre as novidades desta edición destacan as presentadas nun acto no que participou a directiva da Orde do Camiño de Santiago. Trátase do “Cadaleito Xacobeo” xurdido da cooperación de dúas empresas fabricantes de cadaleitos e que son fieis expositoras de Funergal: Cadaleitos Galego (a empresa de Piñor de Cea líder en exportación en España) e Mediterráneo Innova (situados en Fabara, Zaragoza). Este cadaleito especial Xacobeo conta con certificación ecolóxica e ten gravados a cruz de Santiago Apóstolo e as tradicionais cunchas de vieira.

Ademais do cadaleito foron presentadas as xoias funerarias especiais do Camiño de Santiago. Trátase de dous modelos diferentes de colgantes realizados en prata, un coa Cruz de Santiago e outro coa cuncha de vieira, que permiten gardar nas súas interior cinzas polo que ofrece a posibilidade de poder realizar o Camiño acompañados dalgún modo polos seres queridos falecidos. É un produto da empresa holandesa Funeral Products que os fabricou por mor da suxestión dos membros da Orde do Camiño de Santiago. Esta entidade conta con máis de 1.200 damas e cabaleiros repartidos por todo o mundo. A espiritualidade do Camiño leva a algúns dos seus membros para solicitar ser enterrados coa capa de dama ou cabaleiro da Orde e a fabricación do cadaleito e das xoias funerarias permitirá dar un paso máis.

Lembranza de Rodolfo Prada nos Peares

Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta, presidiu nos Peares a homenaxe con motivo do XXXVIII aniversario do falecemento de Rodolfo Prada Chamocín. Feijóo referiuse a Rodolfo Prada como un loitador contra o esquecemento “que logra que aquel Daniel Castelao que arribara ás Américas coa tristura de perder o soño de Galicia e coa imaxe aínda viva de tantos amigos e compañeiros que foran vítimas do odio incivil, rexurda como gran patriarca da galegitude”. E como un loitador da esperanza, que consegue que o Bos Aires daquel tempo non sexa unha capital de expatriados que capitulan e de emigrantes que esmorecen en medio da saudade, senón unha auténtica capital da Galicia que espera o momento de reiniciar o seu camiño.

O titular do Goberno galego destacou tamén a inmensa fe que Prada Chamochín tiña nos galegos e que o levou a construír “a ponte máis grande de



A filla do homenaxeado descubriu a escultura.

todas”. “Unha ponte que aínda non foi superada e que resistiu o paso do tempo e das tempestades: a ponte que une América, e especialmente Bos Aires, con Galicia e pola que houbo un tráfico incesante de esperanza, de orgullo e de exemplo”, aseverou.

Feijóo concluíu afirmando que a coherencia, a solidez e a fidelidade á terra que caracterizan a obra de Manuel Buciños, o artista encargado de inmortalizar este aniversario cunha escultura, son virtudes que comparte con Rodolfo Prada e coas xentes dos Peares.

Batería de medidas para unha PAC que sitúe ao campesiñado e á Natureza no centro

Na sesión da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo celebrada o pasado día 21 abordáronse varios informes relativos a distintos aspectos da Política Agraria Común (PAC) a implementar a partir do 2021 [Orde do Día]. A eurodeputada galega Lidia Senra, coordinadora do Grupo da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) nesta comisión, tomou a palabra no punto adicado ao establecemento de normas en relación á axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común financiada a cargo do Fondo Europeo de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEDER), presentando unha batería de

medidas para situar o campesiñado e a Natureza no centro da nova política agroalimentaria europea a implementar a partir do 2021. “Nós reiteramos que as políticas agroalimentarias europeas deberían ser repensadas no seu conxunto. Se queremos resultados distintos aos actuais, debemos implementar un novo modelo de Política Agraria Común”.

Apelando a unha mellor distribución dos orzamentos públicos, Senra destacou que a garantía de prezos que cubran os custos de produción e remuneren o traballo labrego ten que estar no núcleo da nova PAC. “O campesiñado non quere ser un sector subvencionado, quere vivir con dignidade da venda dos seus produtos, os alimentos”.

Outra modificación da actual aplicación orzamentaria da PAC

debería abordar a cuestión da incorporación da mocidade á actividade agraria. “Estamos a falar do futuro da produción da alimentación na UE, pero tamén do futuro do medio rural europeo. As axudas á incorporación teñen que concederse de xeito anticipado, non poden seguir adicándose de xeito moi importante a pagar os xuros bancarios, como está a pasar actualmente”.

A eurodeputada galega tamén subliñou na intervención desta mañá a súa aposta pola eliminación dos dereitos históricos e o establecemento de topes para as axudas que sexan máis baixos que a proposta actual, máis claros e de cumprimento obrigado. “Propoñemos un sistema de topes organizado en 3 categorías: alta montaña, zonas desfavorecidas e resto de zonas.”



Ademais, abondou, a nova PAC debería establecer mecanismos fortes para garantir que as axudas só son concedidas a explotacións que están desenvolvendo modelos produtivos que claramente están orientados a preservar o medio ambiente

e a loitar contra o quecemento global. “Todo o que estea fóra de aí non debería recibir axudas públicas da PAC”, aseverou Senra. “O que queremos é unha verdadeira redistribución das axudas, de tal xeito que as perciban só as labregas e labregos.

A exposición Ruta dos Fenicios, en Pontevedra ata o 15 de decembro

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, xunto a Arturo Ruiz Rodríguez, presidente da asociación española da Ruta dos Fenicios, inaugurou hoxe a exposición divulgativa sobre dita ruta que acolle o hall do Pazo Provincial ata o vindeiro 15 de decembro. No acto tamén estiveron presentes Antonio Barone, director do itinerario cultural “Rotta dei Fenici”, e Santos Héctor, deputado de Turismo, que tamén asistiron no Pazo Provincial á Asemblea Estatal da Ruta dos Fenicios.

A exposición está formada por un total de 13 estruturas e consiste nunha mostra explicativa e introdutoria coa finalidade de achegar á poboación este itinerario cultural

europeo tan complexo e con tantas potencialidades desde o punto de vista cultural e turístico. Nos paneis que conforman a exposición poderase observar un mapa indicativo da ruta e interesantes imaxes de puntos de interese no destino de cada socio. Na mostra están representadas, amais das Rías Baixas, Empúries, Palma, Eivissa, Castellón, Sagunto, Guardamar do Segura, Cartagena, Mazarrón, Galera, a Universidade de Xaén, Cuevas del Almanzora, Linares, Mengíbar, a Deputación de Xaén, Melilla, Baena, Chiclana e Cádiz.

A inauguración desta mostra foi unha das actividades complementarias que rodean a Asemblea Estatal da Ruta dos Fenicios, acolleu a Deputación de Pontevedra os días 22 e 23

de novembro. Este encontro arrancou cunha sesión de traballo na que só participaron os socios da ruta e foi presidida polo deputado provincial de Turismo, Santos Héctor, e continuou ao día seguinte cun encontro aberto ao público no que se realizaron conferencias e mesas redondas sobre a Ruta, sobre o programa de itinerarios culturais europeos do Consello de Europa e sobre rutas como a dos Íberos, o Camino de Anibal e a Ruta das Cassitêrides. Amais, a Deputación de Pontevedra organizou para as persoas asistentes unha orixinal comida fenicia elaborada polo Centro Carlos Oroza. Nela puideron saborear un surtido de afumados, unha ensalada mediterránea, hummus con falafel e “Malfulf”.



A Ruta dos Fenicios é un itinerario cultural internacional, recoñecido polo Consello de Europa, que atravesará 18 países e une tres continentes, conectando as grandes rutas marítimas empregadas pola civilización fenicia, un camiño para abastecerse de estaño na antigüidade e que podería non estar localizado nas illas británicas (como se pensaba ata o de agora) senón nas

Rías Baixas. A Deputación pertence a esta rede estatal tras ter descuberto restos fenicios e púnicos e documentalos nos xacementos de Monte do Castro (Ribadumia), A Lanzada (Sanxenxo), Monte do Facho (Cangas) e Punta do Muíño do Vento (Vigo), sendo o territorio máis meridional da Ruta, ademais de ser o primeiro alleo ao Mediterráneo.

Reportaxe

Por Moncho Mariño

Discarlux; a explosión do sabor

A IDEA

As ideas nacen primeiro como soños. Discarlux era un soño que tiveron dous amigos que un día dixeron “por que non?” Era o momento de dar o paso e mostar que había moito por dicir no mundo da carne, que aínda había metas a onde chegar e Carlos Ronda e José Portas querían cruzar esas liñas de chegada como dous corredores de fondo.

A carreira comezou cando decidiron poñer en marcha un proceso que apenas se desenvolvera. Ir directamente ao lugar de cría e observar como nace, crece e sobre todo, como se alimenta o gando nas explotacións que conservan o traballo tradicional de criar vacún.

Así foi como percorreron diferentes lugares da xeografía de Galicia. Porque querían encontrar eses espazos que gardaban como tesouros razas bovinas diferentes, para ofrecer algo diferente, levar ás mesas un sabor sen comparación.

Ideas, amizade, confianza e ilusión, foron os magníficos combustibles que permitiron iniciar o proxecto Discarlux. Hoxe conta co respaldo de recoñecidos nomes da coíña e da gastronomía.

“Foi unha simbiose perfecta entre dous amigos” di Carlos Ronda. “In-

quedanza para satisfacer mediante a calidade” remata José Portas.

O DEZ POR CENTO DE DIFERENZA

A satisfacción do cliente é un dos principais obxectivos de Discarlux. A satisfacción é coñecer as inquedanzas do gandeiro, do paisano que ten unha finca e a partir de aí crear unha fidelidade que vai desde a compra da carne, a produción, a elaboración e a venda do produto.

“Satisfacción tamén é saber que temos o 90% do que teñen os demais, pero máis satisfacción é saber que temos un 10% que non teñen os demais”. E que é ese 10%?

Un equipo humano que trata a carne dunha maneira especial e difícil de esquecer. Ese equipo traballa pezas que non existían no mercado. Elementos que piden maior eficiencia no seu tratamento e na súa elaboración, cunha maior calidade no corte e na presentación. Por que? Porque hoxe en día existe a necesidade de consumir todas as partes dun animal. Isto permite un equilibrio entre os baixos custes dunhas pezas e os altos custes de outras.

Ese 10% é a base de Discarlux. O tratamento da carne ofrecendo pezas que permiten optimizar todas as partes dun animal de cara a adaptarse ás demandas da hostelería. Pero tamén ofrecer un produto ex-



clusivo que só Discarlux coñece, sabe onde está e sabe como tratalo.

Foi un esforzo que valeu a pena. Porque todos estes pasos acabaron nunha resposta positiva da hostalería e de diferentes voces da gastronomía.

PROXIMIDADE

A obtención e oferta de pezas de calidade, tratadas con especial seguimento desde a orixe ata o consumidor final crea vínculos. O traballo ben feito e a dedicación diaria a un oficio que te apaixona, ata lazos cos clientes que co tempo se convirten en vínculos de amizade.

Eses vínculos nacen da esixencia que supón tratar con clientes que piden ademais de calidade, bo servizo, xénero exclusivo e unha seguridade total sobre o produto que mercan. Discarlux sabe que a fidelidade se gaña mediante o es-

forzo e a confianza que dá poñer sobre a mesa algo distinto, seguro e exclusivo.

FISTERRA BOVINE WORLD

Fisterra Bovine World é un proxecto de dous anos co que Discarlux quere estudar o comportamento de diferentes razas bovinas con alimentación propia de Galicia.

Buscamos irmandar durante vinte e catro meses diferentes razas de vacas chegadas de todo o mundo. Así, hai vacún de Escocia, Galicia, Xapón, Suíza, Inglaterra e outras partes.

Criadas e coidadas entre árbores autóctonas e dentro de instalacións onde son alimentadas de maneira tradicional. Desta maneira estudámoslas para coñecer o seu comportamento metabólico coa dieta que se lles serve.

Logo, mediante catas de carne



Reportaxe

con expertos iranse tendo datos que permitirán a Discarlux traballar sobre seguro. Isto significa que se adaptarán diferentes dietas para diferentes tipos de gando vacún. O resultado, unha carne de calidade e que dea satisfacción ás esixencias do mercado e dos consumidores.

ONDE ESTÁ?

Situada na aldea de Trasmonte, no concello de Ames e xunto a un dos puntos máis fermosos do Camiño de Santiago, a aldea de Ponte Maceira. Só 20 quilómetros separan este lugar do mar, xusto no Camiño a Fisterra, último tramo cara o antigo cabo da Fin do Mundo para os romanos.

OS ANIMAIS

A carne de rubia galega é unha garantía de calidade en si mesma. Mais Discarlux quere traballar con novos sabores e texturas que lle dean novas posibilidades. Así podemos nomear outras razas como:

- Cachena, de Ourense
- Sayaguesa, de Zamora
- Wagyu, de Xapón,
- Rubia Gallega
- Limiá, Ourense
- Maronesa, Portugal
- Simmental, Suíza
- Angus, Escocia
- Hereford, Inglaterra
- Galloway, Escocia
- Dexter, Irlanda
- Highland, Escocia
- Holstein Frison, Holanda

ALIMENTACIÓN

O millo autóctono galego ten propiedades de sabor e textura que non posúe o híbrido americano. Por iso, o millo autóctono será o empregado para o engorde final de seis meses polo que pasarán as cabezas na finca de Trasmonte.

O gran galego ten máis resistencia ás condicións climáticas do lugar. Existen tres tipos del, o branco ou Rebordáns, o marelo ou Sarreáns e o negro ou Meiro.

O Fisterra Bovine World non é un proxecto illado. Conta co apoio de nomes destacados dentro e fóra da cociña. Entre outros nomes están Juan Echavene, actor e gastrónomo, Joaquín Felipe, chef executivo de Florida Retiro, Stephane Balluet, un dos máis recoñecidos restauradores franceses e moitos máis nomes que vos convidamos coñecer no noso proxecto e na nosa web.

Discarlux quere ofrecer unha nova maneira de ver



a carne, de tratala, de mostrar que non todo é unha simple viaxe desde a finca ao prato. Polo medio hai pasos que dar para tratar

con coidado e mimo esas pezas que logo se consumirán no restaurante, na casa ou onde guste cada quen.





A mellor carne galega ao servizo da restauración

91 507 98 61
discarlux.es



Polígono Industrial de Vallecas Dos, 14
Madrid

Medio Ambiente estudará colaborar na humanización de espazos públicos en Muíños

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, comprometeuse co alcalde de Muíños, Plácido Álvarez Dobaño, a estudar a posibilidade de colaborar nas obras de humanización de varios espazos públicos no Concello de Muíños. Así llo manifestou no transcurso dunha reunión co rexedor municipal, quen lle entregou unha copia do proxecto redactado polo Concello, e indicoulle que dará traslado da documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para que o analice e valore as posibilidades orzamentarias do departamento que garantan a viabilidade do proxecto.

A iniciativa propón a creación dun acceso peonil á Praza do Cruceiro de Barxés e ao complexo turístico deportivo O Corgo; así como a construción de beirarrúas en Mugimes e o acondicionamento da Praza de San Rosendo tamén neste núcleo, co fin de dotar dun espazo que satisfaga as demandas de ocio e lecer dos veciños. A conselleira de Medio Ambiente trasladoulle a súa vontade de colaboración



Ángeles Vázquez con Plácido Álvarez Dobaño.

con este proxecto, porque é acorde aos obxectivos que se marca o departamento que dirixe, como poñer en valor as dotación actuais dos concellos galegos, a través da recuperación e a mellora dos espazos.

Aldea de Salgueiro

Por outra banda, o alcalde de Muíños e a conselleira tamén abordaron a situación do Plan de Dinamización do Pobo de Salgueiros, unha pequena aldea localizada dentro do Parque Natural de Baixa Limia-Serra do Xurés no que se realizara hai anos un investimento importante en materia de rehabilitación. Plácido Álvarez trasladoulle a súa preocupación polo estado actual deste nú-

cleo, no que o concello está moi interesado en promover unha serie de actuacións dirixidas a lograr a súa reactivación e a darlle algún uso concreto.

Pola súa parte, Ángeles Vázquez comprometeuse a estudar a proposta do alcalde e a avaliar posibles vías de colaboración económica por parte tanto da súa consellería como do resto de administracións implicadas. Tras incidir no seu interese por conseguir que o pobo de Salgueiros se poña en funcionamento e se lle saque partido aos investimentos realizados, a conselleira matizou que haberá que analizar tamén a viabilidade xurídica de externalizar a súa xestión,

A saúde ambiental de Ourense é a octava peor de España



Ourense vista desde o Seminario Maior.

A capital ourensá ocupa o posto 45 das capitais españolas en sustentabilidade ambiental. En todo o Estado só hai sete capitais de provincia cuxa situación ambiental sexa peor que a de Ourense-cidade. Así o asegura Adiante Ourense, que afirma basearse en datos do Informe do Observatorio da Sustentabilidade correspondentes a este 2018. "Estes datos demostran que programas como Geoatlantic e o Ecobarrio da Ponte promovidos polo Concello de Ourense, non son máis que aparato para disfrazar un gran fracaso na xestión ambiental", sinala Adiante Ourense.

O informe emprega 59 in-

dicadores distribuídos en 26 temas e 4 bloques xenéricos, e establece que o Concello de Ourense non publica nin un só indicador ambiental na súa páxina web, así como que a Ordenanza de protección contra o ruído, aínda que modificada en 2014, é a de 2002.

Adiante Ourense esixe ao goberno municipal "que deixe de ocultar os resultados dos indicadores dos marcadores ambientais da cidade", xa que, a pesar de que poida parecer outra cousa, a saúde ambiental da capital ourensá está moi por detrás de cidades como Vitoria, Madrid e Barcelona que, a primeira vista, diríase que están máis

Sarabela Teatro leva o "Proxecto Noee" pola provincia

A Deputación de Ourense, a través da Rede de Auditorios provincial de Ourense, financia a produción da obra "Proxecto Noee", de Sarabela Teatro, un espectáculo deseñado para gozar en familia e que se estreou en Barbadas. Na presentación da obra participaron o vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández; o asesor de Cultura da Deputación, Aurelio Gómez Villar; e a directora da obra, Fina Calleja.

"Proxecto Noee" é "un proxecto mimado desde hai tempo, que comezamos a ensaiar no pasado mes de xuño, e que presentamos por primeira vez aos máis pequenos para que acompañados dos seus pais, gocen dun espectáculo pensado para as familias", explicou Fina Calleja. En "Proxecto Noee", tres pingüíns, que son os tres únicos protagonistas, enfrontaranse ás consecuencias do cambio climático, nun percorrido divertido no que vai a

imperar a amizade. Neste sentido, a directora da obra destacou que o teatro "ten que ter valor por si mesmo" e neste espectáculo estarán presentes os valores da "amizade, a igualdade, o espírito crítico e a conservación do planeta".

A obra estará o venres 21 de decembro no local social "Escolas Vellas" de Xunqueira de Ambía e o 28 de decembro no Auditorio Municipal "Julio Vázquez", na Pobra de Trives. Ao día seguinte, o 29 de de-



Sarabela Teatro actuará pola provincia de Ourense.

cembro estará no patio do Museo da Limia en Vilar de Santos e o domingo, 30 de decembro, no salón de actos da Casa de Cultura de Viana do Bolo. O venres, 4 de xaneiro, estará

no Auditorio da Peroxa. Estes son os primeiros concellos que acollerán este espectáculo que "nace con vocación de chegar a toda a provincia", sinalou Fina Calleja.

Riós e A Gudiña demandan rehabilitación de vivendas

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, mantivo unha reunión cos alcaldes de Riós e A Gudiña, Francisco A. Veiga Romero e José María Lago Cabo, respectivamente, que trasladaron á conselleira as súas demandas nesta materia. Durante o encontro, a responsable de Vivenda do Goberno galego trasladoulles as distintas liñas de actuación do departamento que dirixe en materia de rehabilitación de vivendas.

Vázquez Mejuto recordou que presentou en sede parlamentaria as contas do ano 2019 da Consellería, das cales o Instituto Galego de Vivenda e Solo destinará case 36 millóns de euros a través de diversos programas e modalidades de intervención en materia de rehabilitación. Unha das iniciativas máis salientables neste eido é o programa Rexurbe, dotado de 7,4 millóns de euros co fin de rehabilitar aqueles ámbitos degradados desde un



Francisco Veiga Romero, Ángeles Vázquez e José María Lago.

punto de vista tanto arquitectónico como social co fin de volver convertelos nun motor para a súa contorna. Esta nova liña de acción pensada para axudar aos concellos a recuperar zonas e edificios degradados.

Tamén destacou unha partida para a rehabilitación dun importe de 9 millóns de euros, para axudar a particulares, comunidades de veciños ou promotores con actuacións dirixidas a conservar ou introducir melloras enerxéticas e de accesibilidade en edificios construídos.

Por outra banda, o alcalde

de Riós trasladou o seu interese polo programa para a rehabilitación de vivendas de mestres. Vázquez Mejuto indicoulle que se trata dunha iniciativa que se iniciou en 2017, tras constatar que os pequenos concellos dispoñían en ocasións de inmobles da súa propiedade en desuso e que se podían acondicionar como vivendas con investimentos relativamente pequenos. Ao longo de 2019 o IGVS disporá de 1,6 millóns de euros para a posta en marcha de actuacións ao abeiro deste programa.

A Xunta apoia a recuperación do miradoiro de Fumaces, en Riós



A Xunta investiu 21.000 euros no miradoiro de Fumaces.

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, visitou o miradoiro de Fumaces, no concello ourensán de Riós onde o Goberno galego investiu preto de 21.000 euros para a súa posta en valor como recurso turístico da zona. Díaz Mouteira acompañada do alcalde do municipio, Francisco Armando Veiga, supervisou os traballos executados para a recuperación deste miradoiro paisaxístico emprazado entre a estrada N-525 e a autovía A-52 que contribuirá a potenciarlo como reclamo turístico, ao tempo que permiten o mantemento dos seus accesos en óptimas condicións de seguridade para os seus visitantes. Así, a actuación consistiu na roza de monte baixo coa fin de explanar o terreo,

a apertura de accesos, colocación dunha varanda de protección e a instalación de mobiliario urbano.

Os traballos realizáronse ao abeiro da liña de axudas que a Consellería de Cultura e Turismo destina para o fomento da accesibilidade e sinalización turística nos recursos turísticos no medio rural. Marisol Díaz lembrou que este ano, ao abeiro desta liña de subvencións, se concederon axudas por un importe de preto de 676.000 euros a un total de 25 entidades locais da provincia de Ourense co obxectivo de mellorar a accesibilidade física e á sinalización dos seus recursos turísticos coma os espazos naturais, os miradoiros e as rutas de sendeirismo, as praias fluviais e os bens culturais.

Socios de honra de Amigos do Órgano



Delfín Caseiro Nogueira



Joam Trillo

A asociación cultural Amigos do Órgano "Un rato no tubo" (Ourense) nomeou socios de honra a Delfín Caseiro Nogueiras e a Joam Trillo Pérez pola súa achega ao mundo da

cultura e da música. O acto celebrouse no salón nobre do Liceo de Ourense. Esta actividade clausurou as VIII Xornadas de Órgano Cidade de Ourense.

Desde o momento da súa

creación, a Asociación Cultural de Amigos do órgano "Un rato no tubo" conta na súa relación de socios de honra con: Montserrat Torrent, José Luis González Uriol, Tomás Camacho e Luís García- Mañá.

**Seguimos ofrecéndolles
información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLANTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

O director da Banda de Música de Sober debutou coa Sinfónica de Barcelona

O director da Banda de Música de Sober e tubista, Miguel Franqueiro Becerra, foi por vez primeira o tuba solista da Orquestra Sinfónica de Barcelona e Nacional de Cataluña (OBC) no programa dos días 16, 17 e 18 de novembro en L'Auditori (Barcelona) baixo a dirección de Sylvain Cambreling. Franqueiro Becerra interpretou un papel que entraña unha dificultade notable e no que tivo un destacado protagonismo.

O músico, natural de Boqueixón, é o director da Banda de Música de Sober desde o ano 2005, unha agrupación que en 2019 cumprirá 150 anos. Nos últimos tempos Franqueiro Becerra ten tocado con orquestras internacionais de primeiro nivel como a West Eastern Diván Orchestra, a Huelencourt Soloists Chamber Orchestra (Bélxica), a Orquesta de RTVE, a Opera Teatro Regio Torino (Italia) e, de xeito asi-



Miguel Franqueiro Becerra.

duo, coa Real Filharmonía de Galicia, entre outras. Para o ano próximo ten previstas actuacións coa Orquestra Nacional de España e co Teatro alla Scala de Milán, baixo a dirección de Valery Gergiev.

O goberno local do Concello de Sober valora esta nova

participación do músico nunha orquestra de primeiro nivel. O alcalde, Luis Fernández Guitián, gaba a traxectoria do músico "cuxas aprendizaxes e experiencias acaban reverendo na Escola Municipal de Música e na Banda de Música de Sober".

Cen anos de Julia González Rodríguez



O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, foi visitar a Julia González Rodríguez a súa casa en San Cibrao das Viñas, onde vive cunha das súas fillas. A súa familia reuniuse para festexar o seu centenario. A homenaxeada descende de familia de Sober aínda que naceu en Seoane (Monforte). En Sober viviu case 50 anos

onde o seu home foi garda civil.

Confesoulle ao alcalde que os mellores anos da súa vida os pasou en Sober, que se sente de Sober e que o leva no seu corazón. Cos seus fillos Julita e Moncho fixo unha sopa de letras e co alcalde e outros familiares posou na porta da súa casa en San Cibrao das Viñas (Ourense).



Representantes dos concellos beneficiados.

Convenio para rexeneración urban

O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, asinou o convenio de colaboración que permitirá investir un total de 109.050 euros na execución de diversas actuacións de rexeneración urbana na Área de Rehabilitación Integral (ARI) da localidade. No acto participaron a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, a secretaria xeral de Vivenda do Estado, Helena Beunza, e os alcaldes dos 35 concellos beneficiados pola convocatoria deste ano.

Ribas de Sil ten un novo parque infantil na praia fluvial

Alvoro Santos Ramos, deputado provincial, e Miguel Ángel Sotuela Vega, alcalde de Ribas de Sil, acompañados de membros da corporación municipal, supervisaron as novas dotacións que se están executando na área recreativa deste municipio, e que contan cunha achega económica de 10.000 euros do Executivo provincial. O orzamento total desta obra ascende a 26.500 euros.

Santos Ramos explicou que “co arranxo desta infraestrutura todos os veciños poderán desfrutar dun novo espazo de lecer completamente remodelado e renovado, situado ademais nun enclave único como a área fluvial da praia de San Clodio. Con cargo ao investimento do Executivo Provincial renovouse a totalidade dos elementos de xogo infantil deste parque, insta-



As autoridades no novo recinto da área fluvial de San Clodio.

louse novo mobiliario, así como a rexeneración do terreo coa colocación de céspede, novo peche perimetral e paneis informativos”.

O deputado sinalou que “esta área está situada ao carón da praia de San Clodio, un dos recursos turísticos mais importantes de Ribas de Sil, que destaca pola súa beleza natural. Ademais esta praia conta con instalacións

deportivas ao aire libre, unha área para caravanas e un parque biosaudable para practicar ximnasia de mantemento”.

Novas dotacións

O parque infantil de Ribas de Sil atopase situado na área recreativa da praia fluvial de San Clodio. As melloras que se acometeron neste espazo municipal foron a renovación dos elementos existentes neste espazo, que por mor do seu

uso, atopábase nun avanzado estado de deterioro e desgaste. Ademais, rexenerouse o terreo coa colocación de céspede, así como o peche, que se mudou coa colocación de novas vallas e dous paneis informativos sobre esta área.

Os novos elementos adquiridos para este parque son; mobiliario como papeleiras e bancos, e outros elementos de xogo como unha torre infantil, columpio cesta, areeiro, escavadora, balancín, torre ximnasio e casa de madeira.

O Goberno da Deputación realiza por segunda vez un investimento nun parque infantil de Ribas de Sil, xa que achegou preto de 70.000 euros no ano 2015 para remodelar o parque da Praza do Ladrillo. Esta praza conta tamén con xogos infantís e paneis informativos sobre a riqueza natural da zona. A maiores destes traballos, instaláronse 2 rocódromos na praia fluvial de San Clodio para complementar as prestacións que xa ofrece este espazo.

Música no outono en Sober

O Concello de Sober iniciou, en colaboración coas Xuventudes Musicais de Sober, o ciclo Música no Outono cun concerto da mezzosoprano portuguesa Helena Ressurreição acompañada do pianista Marc Serra. A voz e o piano uníronse para un percorrido musical polo lied de finais do século XIX e principios do XX, descubriendo tesouros que evidencian a riqueza deste xénero musical consagrado por Schubert. Helena Ressurreição naceu en Portugal, rematou a súa formación académica no Conservatori Liceu con Marisa Roca. Traballa actualmente con Nuno de Araújo Pereira. Recibiu masterclasses de Dolora Zajick e Grace Bumbry, e clases de Francisco Lázaro e Maria João Matos.

Seguros
Servizos Ourense
☎ 678 578 161
988 044 834
www.servizosourense.es

CARNICERÍA MARIVAN

abierto los domingos
C/Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense
Tlf. 639 58 04 30

jba servicios inmobiliarios
Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense
☎988 10 20 75 ☎629 83 67 48
www.inmobiliariajba.com
jba.couto@ymail.com

Orixe
PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN
988 60 70 75
Diseño - Impresión - Rotulación - Merchandising
www.orixepublicidade.es
Rúa Francisco de Moure 20 - Ourense

Club Tosca
C/ Ervedelo, 15 - ourense
☎ 988 23 44 99
698 14 82 07

VEN... Promoción Especial
www.clubtosca.es
Sala de Fiestas Music-Hall

cerramos los domingos

Un monolito en O Courel lembra as primeiras mostras de escritura documental romana no noroeste peninsular

Un monolito lembra no Monte Cido de O Courel, en Esperante, a aparición das primeiras mostras de escritura documental romana no noroeste peninsular e a entrada na Historia desta parte do país. A colocación do monumento responde a unha iniciativa promovida polo catedrático e profesor "ad honorem" da Universidade de Santiago de Compostela (USC) Antonio Colmenero e impulsada a través do Centro de Estudos de Historia da Cidade, unha plataforma de investigación da USC con sede na facultade de Humanidades do campus de Lugo.

O obxectivo da iniciativa é poñer en valor os tres documentos escritos máis antigos da primitiva Gallaecia, que son as dúas táboas que se atoparon a mediados do século XX nesta parte de O Courel e unha terceira que saíu á luz na localidade leonesa de Bembibre.

No Monte Cido apareceron dúas táboas de bronce. Unha delas foi localizada no ano 1959 e actualmente está depositada no Museo de Lugo. A táboa ten escritura gravada en toda a súa cara anterior coroada por un frontón triangular. O texto relata un pacto de hospitalidade entre un destacamento romano e os moradores dun castro. Xunto a esa táboa foi atopado o aguilucho dun lábaro do estandarte lexionario romano.

En 1984 apareceu na mesma zona unha segunda táboa que está gardada no Museo do Castelo de San Antón, na Coruña. Recupera outro pacto de hospitalidade de similares características ao anterior. No ano 2000, apareceu unha terceira táboa en Bembibre.

Lembranza

O monolito inaugurado lembra aos vencedores e vencidos da conquista romana. O monumento de granito inclúe unhas placas de latón que si-



O monumento está instalado no que no foi o límite entre Gallaecia e Asturias.

mulan as táboas de hospitalidade e está coroado por un aguilucho que lembra ao atopado no Monte Cido pertencente ás tropas romanas. Lleva gravado un escudo indíxena igual ao que se atopa nas moedas acuñadas no campamento de Lucus Augusti durante as guerras cántabras.

A catedrática de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela Ana Goy Diz e directora do Centro de Estudos de Historia da Cidade

da USC, explicou o monumento serve para poñer de relevo un feito que supuxo o paso da Prehistoria á Historia da antiga Gallaecia.

Ademais do simbolismo, Ana Goy Diz destacou que os escritos plasmados nas táboas achegan información útil de cómo se produciu a chegada dos romanos a Galicia e aluden aos pactos entre a poboación dos castros e as tropas. "Lestes pactos de hospitalidade apuntan cara unha colonización

de amizade, non só unha invasión pola forza", dixo.

Á inauguración asistiu unha comitiva que estivo encabezada pola alcaldesa de O Courel, Dores Castro, e os promotores da iniciativa, Antonio Rodríguez Colmenero e Ana Goy Diz. Acudiron o vicedecano da facultade de Humanidades, Gonzalo Fernández Suárez; a xefa territorial en Lugo da Consellería de Cultura, María José Gómez; profesionais e responsables de servizo de arqueoloxía do Concello de Lugo e da Deputación. Tamén participaron autoridades en representación de León.

Antonio Colmenero elaborou ademais un documento no que se fai un repaso do contexto histórico e xeográfico que rodeaba a conquista romana na zona, detalles que explicou a todas as persoas que asistiron ao acto inaugural do monumento, instalado entre o antigo límite entre Gallaecia e Asturias.

Mostra de fotografías e debuxos de cruceiros

A deputada de Cultura, Pilar García Porto, e o presidente da Asociación de amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedras e Petos de ánimas, Fernando Arribas, presentaron no Centrad a selección de fotografías relacionadas co estudo dos cruceiros, realizada por esta entidade.

A deputada lembrou que esta mesma sede acolle o X Congreso Galego de Cruceiros de Galicia, co que colabora a Deputación. Esta colección fotográfica, que se presenta baixo o título Cruceiros Senlleiros da provincia de Lugo, contén unha selección de 32 imaxes dos cruceiros catalo-



gados no territorio lucense.

Ademais, está acompañada doutra mostra bibliográfica, relacionada cos cruceiros galegos. Estes documentos están distribuídos por provincias, e conta cun espazo destacado para resaltar a figura de Cas-

telao, por ser quen abriu o campo científico dos cruceiros en 1950; e outro con debuxos de cruceiros de Alfredo Eiras, xunto coas actas dos congresos xa celebrados. Pode visitarse no Centrad ata o 31 de decembro.

Muras celebrou a Feira do Mel



Aspecto da feira na praza de Viveiro.

Muras celebrou a IV Feira do Mel de Montaña na praza de Viveiro deste concello chairego, coa colaboración da Deputación que achegou 3.000 euros. O deputado Vidal Baamonde destacou que "o goberno da Deputación colabora activamente con esta cita, para pro-

mover e poñer en valor os produtos da provincia. Ademais, a través desta feira xa consolidada, impulsamos un dos produtos máis tradicionais da provincia, como é o mel, axudamos a promover a zona e desestacionalizar o turismo, nun enclave natural único como é o Concello de Muras".

Sabores de Ourense superou os 5.000 pinchos de castaña e cogomelos

A novena edición do concurso Sabores de Ourense – Pinchos de Outono, organizado polo Concello de Ourense e pola Unión de Hosteleros de Ourense (UHO), entregou premios aos establecementos gañadores. Logo do recuento dos votos do público entre o 5 e o 18 de novembro, estimámanse un mínimo de 5.016 pinchos consumidos nesta edición, que contou coa participación de 51 locais.

O premio do público foi para: Primeiro: Fuentefría, por Horta e monte (142 votos). Segundo: Sanmiguel por Cocido en pelota picada (137



O primeiro premio do público foi para Bar Fuentefría.

votos). Terceiro: A Casa do Pulpo, por Xabato (107 votos). O premio pincho celiaco outorgado pola delegación ourensá da Asociación de Celíacos de Galicia foi para A Feira, polo seu pincho Buxo.

O xurado profesional otorgou estes premios: Primeiro: A Feiriña, por Mantiña de castañas. Segundo: Adegas das Caldas, por Pincho da Adegas. Terceiro: Sanmiguel, por Cocido en pelota picada.

Manuel Portas, Premio “Blanco Amor” de novela longa



Manuel Baltar cos membros do xurado.

O escritor santiagués Manuel Portas Fernández foi o gañador do XXXVII Premio de novela longa “Eduardo Blanco Amor” pola súa obra Por puntos. O xurado do certame que organiza a Deputación de Ourense en colaboración coa Fundación Eduardo

Blanco Amor, deu a coñecer o seu ditame”, elixindo, de entre os 24 orixinais presentados.

O galardón, cunha dotación económica de 15.000 euros, foi concedido polo xurado á obra de Portas, destacando a súa “calidade narrativa”, tratándose “dunha novela de

interese para calquera tipo de lector, que recrea unha galería de personaxes interactuando nun contexto actual e urbano”. Destaca o xurado que “este retablo de tipos humanos mantén ata o final unha tensión argumental, que é a que sustenta unha trama áxil e diversa”.

Un ourensán gaña a Carreira Pedestre Popular de San Martiño



Na edición de 2018 participaron preto de dez mil corredores.

O ourensán Alejandro Fernández gañou a 42 edición da carreira pedestre popular San Martiño na categoría absoluta. En segundo lugar quedou Nuno Costa, que liderou a proba na maioría do percorrido, pero que chegou á meta só catro segundos máis tarde que o vencedor. En terceiro lugar quedou Manuel Hurtado. Na categoría feminina a vencedora foi Solange Pereira. A segunda clasificada foi a gañadora da edición do ano pasado, Marta Casanova. En terceiro lugar cruzou a liña de meta Ester Navarrete.

O domingo 18 de novembro tamén se celebrou a carreira escolar e a carreira inclusiva (para persoas con diversidade funcional) ésta como novidade na edición de 2018. Hugo García Souto foi o máis rápido e levou a vitoria na categoría de escolares na San Martiño. A dezaseis segundos entrou como segundo clasificado Pedro Vázquez Bo. O podio completouno Said Abdoun. Na categoría feminina levou o triunfo Elsa Pena. En segundo lugar quedou Inés Docampo e o terceiro posto foi para Branca Armenteros.

Prevenção

A categoría xeral contou con máis de 4.200 inscritos, aos que se sumaron os case 2.400 participantes na carreira escolar e os máis de 1.660 corredores da proba inclusiva. A carreira deste ano foi a proba cardio-saudable, xa que contou con 17 desfibriladores ao longo de todo o percorrido. O despregamento sanitario estivo composto por tres médicos, sete enfermeiros e dez técnicos de emerxencias. Colaboraron 42 voluntarios de Protección Civil de Ourense, nove de Protección Civil de Barbadás e 27 da Cruz Vermella, que se suman ao dispositivo que despregou a Policía Nacional para velar pola seguridade da carreira e dos seus participantes. O operativo contou cun posto de mando e tres postos sanitarios avanzados co reforzo de cinco ambulancias; tres dotadas con soportes vitais básicos; outras dúas con soportes vitais avanzados, que ofrecen atención médica por profesionais da saúde capacitados para os casos de maior gravidade nos que pode ser precisa a ventilación e desfibrilación das persoas atendidas.

A Teixeira en festas

Por Juan Louzán

Nesta Galiza que traballa duro, que sofre en silencio, que chora as desgrazas familiares, entre barrancos, camiños e carreiros de bosques de carballos, castiñeiros, nogais e viñas no idílico Canon do Sil, está o concello de A TEIXEIRA.

Pequeno en poboación, pero grande en compartir parroquias veciñais, cheas de encantos tradicionais, tanto na diversidade de caldos coa D.O. Ribeira Sacra, como a gastronomía clásica dos produtos da terra, como en panorámicas espectaculares.

Galiza Calidade sabe mostrar a súa personalidade e sentimentos en moitos dos seus pobos mais emblemáticos e carismáticos, destacando A TEIXEIRA, e de vixia o monte A Carosa, que cada ano, nas súas carballeiras, ofrece aos cazadores

da comarca, na época autorizada, multitude de xabaríns.

No 24 de novembro nunha nave do Concello de A Teixeira, xuntándose mais de 500 comensais, en homenaxe a calidade dos viños que engrandecen a Galiza, a Comarca do Sil, D.O. Ribeira Sacra, e A Teixeira.

Entre o medio millar de comensais asistentes encontráronse en amizosa conversa os alcaldes de A Teixeira, Miguel Cid, e a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega, ademais doutras personalidades de diversa representación política e empresarial.

Todos en actitude próxima e amigable, compartindo mesa, mantel, viños das mais afamadas e coñecidas marcas e sinaturas da Ribeira Sacra. Queixo, xamón, empanada, polbo do noso mar, carne de tenreira galega ao caldeiro, bica, café, mais licores,

sen que falte un "chupito" de augardente de herbas.

Esta festa grande ofrece todos os anos a posibilidade de xuntanza cos familiares que residen fora da Teixeira, aproveitando durante o xantar, interminabeis conversas con anécdotas, sucesos e historias pasadas desde a Festa do anterior. Razón pola que antes afirmabamos que os galegos sofren, choran, pero tamén rin e gozan dunha enxebre Festa do Viño Novo, cada ano; emblemática e pioneira que concede a A Teixeira os honores e premios que merece. A chuvia e o forte vento fora da nave oficial formaban parte do decorado.

Os teixeríños de novas xeracións que residen fora da Comarca do Sil, cando acoden a esta Festa anual, pónense o chip vital actualizado, grazas a sabiduría experta na materia



Visión xeral dos comensais.

dos caldos da terra que teñen os avós e veteranos no cultivo e produción dos viños mais coñecidos das D.O. galegas.

A orquestra que lle pon o curuto á meda vitivinícola lémbrales as parellas veteranas o ritmo dos bailables máis clásicos e preferidos que lles traen entrañables lembranzas.

Multitude de fotos e vídeos deixan en cada casa recordos inesquecibles deste encontro cheo de emocións e sentimentos profundos cara aos seres queridos que xa non están connosco.



Miguel Cid, alcalde de A Teixeira.

GASTROTABERNA

As Pedriñas Novas



C/ José Ortega y Gasset, 66 - 28006 Madrid
Tlf.: 91 401 44 45

Ribeira do Miño
Ribeira
marisquería

PLATOS TÍPICOS GALLEGOS
MARISCADAS PARA LLEVAR



Santa Brigida, 1
28004 MADRID
Tel. 91 521 98 54
Tel. 91 531 33 93
www.marisqueriaribeiradomino.com

Casa Gallega
RESTAURANTE - BAR - MARISQUERÍA



C/ Borsadores, 11 - 28013 Madrid - Tels. 91 541 50 55 - 56 - Fax 91 559 12 25
www.lacasagallega.com - casagallega@lacasagallega.com


Museo del Pan Gallego

EMPANADA - TARTAS
ROSCONES - VICAS
PAN DE CENTENO Y MAÍZ
fresco todos los días

- HORNO DE LEÑA -
Todo ello fabricado
en horno de leña
por Técnicas Gallegas

Pza. de Herradores, 9
28013 Madrid
Tfno. 91 542 51 80

museodelpangallego@hotmail.com
www.museodelpangallego.com

Cervecería
Restaurante



**NUEVO
PUERTO
DE VIGO**

Arroces,
pescados y
mariscos

e-mail: nuevopuertodevigo@hotmail.com
Teléfonos de Reserva:
91 542 71 87 - 91 547 87 50